



Facultade de Humanidades

Traballo fin de grao

**Combativas e Guerrilleiras
Resistencia e loita de mulleres na Galiza**

Autora: María Núñez Cobas

Titora: Ana Cabana Iglesia

Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural

Xullo 2019

Traballo fin de grao presentado na Facultade de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao de Ciencias da Cultura e Difusión Cultural



Facultade de Humanidades

Traballo fin de grao

**Combativas e Guerrilleiras
Resistencia e loita de mulleres na Galiza**

Autora: María Núñez Cobas

Titora: Ana Cabana Iglesia

Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural

Xullo 2019

Traballo fin de grao presentado na Facultade de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao de Ciencias da Cultura e Difusión Cultural

Índice

RESUMO	4
I. INTRODUCCIÓN E METODOLOXÍA	5
II. A GUERRILLA ANTIFRANQUISTA: OS DO MONTE E “OS DO LLANO”	8
III. MULLERES E GUERRILLA	11
III.I Enriqueta Otero.....	15
III.II Consuelo Rodríguez López, <i>Chelo</i>	18
IV. MULLERES E GALICIA NOS ÚLTIMOS ANOS DA DITADURA, NA TRANSICIÓN E NA DEMOCRACIA	21
IV.I Movemento universitario no seo do Nacionalismo Galego.....	24
IV.II Mulleres nas organizacións feministas e estudiantís.....	29
V. CONCLUSIÓNS	33
V.I BIBLIOGRAFÍA	35
V.II ANEXOS	
Anexo I	37
Anexo II	38
Anexo III	39
Anexo IV	40
Anexo V	41
Anexo VI	42
Anexo VII	43
Anexo VIII	44
Anexo IX	45

Anexo X	49
Anexo XI	50
Anexo XII	51
Anexo XIII	52
Anexo XIV	53
Anexo XV	54
Anexo XVI	55
Anexo XVII	57
Anexo XVIII	58

RESUMO

O meu Traballo Fin de Grao aportará unha visión histórica da participación das mulleres na resistencia e loita social no século XX en Galicia. Comezando cun preámbulo no que se contextualice a situación das mulleres nos inicios da Guerra Civil, tanto das xa politizadas durante a República como das que se viron inmersas nunha guerra sen teren formación ideolóxica previa.

Ao longo do traballo prestarei atención ás mulleres, na súa maioría de orixe rural, que apoiarán á guerrilla antifranquista e posteriormente pasarán a integrar as súas filas. Deste xeito analizaranse as motivacións que as levan a participar da resistencia e a progresiva formación política que van adquirindo, así como o papel que xogan neste eido. Para esta análise tomarei como referencia as figuras de Enriqueta Otero e da guerrilleira “Chelo”.

Despois de analizar os modos de participación especificamente femininos, tanto na “guerrilla do chan” coma na “do monte”, elaborárase un contexto histórico que abarque dende o fin da loita armada antifranquista ata a transición á democracia, cando sucede o agromar de ideais que, baseándose no socialismo, adquiren un matiz independentista galego e que, co tempo, serán a base de organizacións a prol dunha Galicia independente. Tratarei de por o foco no descoñecido papel xogado polas as mulleres e no seu carácter combativo na procura deste obxectivo político.

Polo tanto, trátase de facer unha análise do papel das mulleres no activismo e loita social dende a Guerra Civil ata o noso pasado máis recente; recoñecendo a súa labor, que en moitos casos ficou esquecida, e vendo como vai mudando tanto a súa participación como a súa formación ideolóxica e política. Para levar a cabo esta investigación teremos en conta os relatos orais e memorias das protagonistas así como fontes audiovisuais e, sobre todo, a bibliografía histórica específica.

I. INTRODUCCIÓN E METODOLOXÍA

Dende moi pequena sentín curiosidade por multitude de cousas e cuestionei moitas outras que me foran ensinadas como certas, foi iso o que me deu o pulo necesario para informarme e aprender todo aquilo que despertaba curiosidade en min. Coido que moitas veces o que aprendemos e buscamos con máis ganas é aquilo que se nos oculta, deste xeito ao ir medrando e formándome decateime de que había un mundo fóra do que me ensinaran dende o meu círculo máis próximo. Un pasado que ficaba silenciado e un presente que silenciaban. Durante os catro anos de grao as materias de Historia fixeron que sentira inclinación pola Historia Contemporánea e grazas á materia Historia de Galicia aproximeime á figura de mulleres das que nunca escoitara. É por todo isto que para o meu Traballo Fin de Grao escollín a temática das mulleres en Galicia, dende a Guerra Civil, posto que creo que a súa aportación non debe ficar esquecida. En concreto centreime nas guerrilleiras, militantes e activistas posto que, aínda sendo consciente que en moitos casos foron vítimas, quería reivindicar o seu papel de loitadoras.

Este traballo pretende recoller a memoria de mulleres galegas que desafiaron o socialmente aceptado e esperado para elas nos tempos que viviron. Deste xeito comezamos falando das mulleres, de orixe rural, que nunha Galicia inmersa na Guerra Civil participan da loita contra o fascismo. Como se explicará ao longo do traballo, moitas delas toman partido sen estaren completamente politizadas, ou ben sen ser conscientes de que o están; co paso do tempo irán formándose, no senso amplo da palabra, xa que para algunhas o monte será o lugar no que aprendan a ler e a escribir, ó mesmo tempo que a usar armas e a loitar en combate. Por limitación de caracteres foi imposible falar de todas as guerrilleiras, tanto do chan como do monte, que loitaron en Galicia. Así quedaron fóra nomes como o da guerrilleira María Araújo, galega que, vinculada ao comunismo, pasa a integrar as filas da guerrilla ao iniciarse a Guerra

Civil e logo exiliarase en Cuba onde participa do movemento comunista en prol da Revolución. É por esta falta de espazo que decidimos centrarnos nalgunha figura concreta. Escollemos a Enriqueta Otero pola súa procedencia lucense, mais tamén afondamos na vida da guerrilleira Consuelo Rodríguez, *Chelo*, pola súa intensa defensa da memoria histórica dende o exilio do que non regresou.

Non podemos esquecer o terror que viviron multitude de galegas e galegos durante os anos de Guerra, posguerra e, en xeral, da Ditadura; a violencia, os fusilamentos, as mulleres rapadas, violadas e enterradas en cunetas que aínda fican, en moitos casos, no esquecemento colectivo. Mais neste traballo pretendemos dar voz a aquelas que aínda vivindo esta situación de terror aportaron o seu gran de area na loita contra o Réxime fascista e os seus piares: a Igrexa e a Garda Civil.

A metodoloxía escollida para tratar a temática foi, esencialmente, a recompilación bibliográfica. Para contextualizar o período foron referentes os estudos do alemán Hartmut Heine sobre a guerrilla antifranquista en Galicia, e as achegas de Julio Aróstegui e Xulio Prada, entre outros. Mencionar que dentro da bibliografía sobre a guerrilla os protagonistas máis recorrentes son os homes, quedando o estudo das mulleres moitas veces relegado a simples comentarios menores ou moi puntuais. Por iso recorreremos a empregar as investigacións de dúas historiadoras especialistas na temática, Aurora Marco e Mercedes Yusta. Tamén usamos pezas audiovisuais e as biografías realizadas sobre as dúas guerrilleiras que escollemos como protagonistas.

Tras isto, facemos un breve contexto histórico da situación de Galicia nos últimos anos do Réxime, na Transición e na Democracia para afondar a continuación no papel das mulleres dentro dos movementos sociais, tanto universitarios como doutros eidos, da época. Para o desenvolvemento desta temática centrámonos no Nacionalismo Galego e en como del van

xurdindo diversas organizacións, partidos políticos e mesmo organizacións armadas; dentro de todos eles analizamos o papel das mulleres que nestes anos xa comezan a participar dos movementos máis reivindicativos conscientes das súas accións. De aí que presentemos as integrantes da organización estudantil ERGA, xerme de formación de moitos mozos e mozas naqueles anos de morte da Ditadura e Transición cara a Democracia, e mesmo deixamos algún espazo para as mulleres que participaron da loita armada en Democracia, analizando os seus obxectivos e motivacións. Finalmente centrarémonos nas organizacións feministas e a súa actividade.

Ao igual que na primeira parte, por motivos de extensión, somos conscientes de que quedaron sen estudar algunhas organizacións, e mesmo o actual movemento estudantil galego e a súa pegada feminista. Mais decidimos centrar a nosa atención naqueles fitos, partidos e organizacións que deixaron unha pegada máis importante e dos que tiñamos suficientes fontes para elaborar un traballo. A metodoloxía baseouse na escolla de bibliografía específica, dando cabida a monografía elaboradas polas propias activistas, malia non ser demasiado obxectiva, o que supuxo unha labor de crítica que nos iniciou no traballo con fontes. Neste sentido non renunciamos a usar obras como as de Noa Rios, a historia da ERGA elaborada polos CAF, pezas audiovisuais e distintos artigos doutras persoas con militancia activa ou pasada. Atopar fontes de información para esta última parte do traballo foi moi difícil; posto que, aínda sendo unha historia recente, os datos e novas sobre algúns fitos da mesma están moi mediatizados e outros que atopamos na bibliografía era case imposible contrastalos porque semellaban non ter existido noutras fontes. Mais para contextualizar estes anos incluimos os estudos dos historiadores Xosé Manoel Núñez Seixas, Ramón Villares e Xusto Beramendi, que evitaron posibles erros á hora de ponderar a información dada polas fontes.

II. A GUERRILLA ANTIFRANQUISTA: OS DO MONTE E OS DO “LLANO”.

Co obxectivo de comprender as motivacións que levaron a unha parte da poboación galega a organizarse nunha guerrilla para combater o poder ditatorial do xeneral Franco é preciso contextualizar a situación dende 1936. En Galicia a vitoria do bando sublevado foi rápida, case inmediata ó golpe de Estado, non houbo fronte de guerra como tal e iso fixo que a única resistencia tomara a forma de guerrilla. A loita armada guerrilleira en Galicia terá gran importancia e será moi duradeira, superando o ano 1945, data da derrota do Eixo na II Guerra Mundial que marcou o comezo dun novo período histórico no que o franquismo se amosou ante o mundo como un garante do anticomunismo, encontrando un espazo para a súa supervivencia no marco da Guerra Fría.

A formación de guerrillas antifranquistas ten motivacións cuxa orixe reside na II República e vincúlase co desenvolvemento do sindicalismo. En zonas mineiras e ferroviarias, pero tamén no rural e na zona costeira, comezarán a florecer socialismo e anarquismo organizados en sindicatos co obxectivo de mellorar as condicións laborais e de vida dos traballadores. Os máis significados líderes sindicais serán dos primeiros en sufrir a represión franquista, pero tamén en fuxir e esconderse, moitos deles no monte, para evitar a represión dos sublevados. Co tempo, moitos destes fuxidos deixaron atrás a condición de “toupos” para converterse en guerrilleiros organizados na Federación de Guerrillas de León-Galicia¹.

Francisco Martínez López, o guerrilleiro coñecido co alcume de *Quico* apunta que:

“Os irmáns Girón e os seus compañeiros multiplicaron as súas accións contra a retaguarda franquista. Logo dalgúns meses, reuníronse co exército republicano de Asturias, no que organizaron comandos

¹ J. Aróstegui e J. Marco (2008:7) sinalan “El despliegue represivo de la dictadura- generando los primeros huídos en la sierra-, la voluntad de los vencidos por continuar su lucha contra el franquismo y el contexto internacional- con el desarrollo de la Segunda Guerra Mundial- nos permiten sostener que la resistencia armada en los años cuarenta representó *el último frente* de una guerra dada formalmente por concluída el 1de abril de 1939”. A evolución da guerrilla en Galicia pode seguirse con precisión a partir do libro de H. Heine (1982)

especiais para levar a cabo accións de sabotaxe. Era o xermolo dunha guerrilla que máis tarde se ía organizar e desenvolver en Asturias, León e Galiza. (...) Un movemento que comezou a se desenvolver na guerra civil, coa chegada de combatentes obrigados a repregarse desde Asturias, e que se sustentou, durante 15 anos, de novos antifranquistas que fuxían da represión” (Martínez, 2000:20).

Como vemos a guerrilla foise nutrindo de persoas con diferentes motivacións que acabaron por se unir para loitar contra un Réxime ditatorial. O proceso de constitución da guerrilla é relatado por Alejandro Rodríguez no libro de Julio Prada e Jesús de Juana do seguinte xeito,

“Tras el derrumbe del Frente Norte en octubre de 1937, comenzará a vislumbrarse un profundo cambio en los planteamientos de estos grupos de huídos. Por un lado, cientos de ellos son detenidos [...] por otro, muchos resistentes, ya conformados en grupos semiestructurados, deciden continuar la lucha [...] Serán estos los que acabarán por dar forma, [...] a una de las primeras organizaciones de resistencia nacidas tras el final de la guerra, la Federación de Guerrillas León-Galicia.” (Juana e Prada, 2017:168)

A Federación irá medrando e controlando outros focos guerrilleiros tanto de Galicia como do norte de Portugal ata o ano 1945 cando se fragmenta por mor de divisións internas; a loita armada continuará, mais xa con características novas, como a de estar vencellada ao control político exclusivo do Partido Comunista (en adiante PCE) ou a de sufrir de certa desconexión xa coas sociedades rurais onde estaban implantadas debido ó paso do tempo e as escasísimas esperanzas de que a loita armada conseguira derrubar o réxime franquista. Esta desconexión está moi ligada tamén co discurso do propio franquismo e coa memoria que logo este xerou sobre o movemento guerrilleiro, que, como sinala Francisco Moreno Gómez no seu libro *El último Frente* (2008) tratou activamente de menoscabalo:

“Todavía hoy se siguen escuchando interpretaciones peregrinas sobre el fenómeno de los maquis, huidos o guerrilla, como las supuestas derivaciones hacia la violencia, delincuencia, bandolerismo y otros tópicos. Incluso se les niega el contenido ideológico y se llega a afirmar que “carecían de convicciones” (...). Estas afirmaciones no son ni más ni menos otra cosa que la negación del contenido político a los oponentes a la dictadura. Todas las dictaduras han negado siempre la dimensión política de sus opositores y han pretendido siempre reducirlos a la simple categoría de delincuentes comunes.” (citado en Aróstegui e Marco, 2008:59).

É lícito preguntarse como sobreviviu tanto tempo a guerrilla dentro dun estado ditatorial cuxo obxectivo era eliminar calquera foco contrario ao seu ideario. A resposta está no apoio que as familias e as comunidades rurais lle deron. Dentro destes apoios, e especificamente no caso galego as mulleres², ocupan un lugar moi significativo³.

Julio Aróstegui e Jorge Marco (2008:41) inician que os movementos guerrilleiros son, por definición, “movimientos populares y necesitan una base popular para subsistir (...). Esta base popular no sólo es necesaria para el éxito de la lucha guerrillera, sino que garantiza su mera supervivencia”. Estas redes de apoio tecíanse en zonas determinadas “... allí donde las partidas tenían lugar de actuación, es decir, coincidiendo generalmente con las zonas de origen de los guerrilleros” (Cabana, 2013:186), polo que se evidencia a importancia dos vínculos familiares, de amizade e ideolóxicos como principal motivación de apoio á guerrilla, cando menos inicialmente. As redes de apoio da guerrilla son denominadas, cremos que atinadamente, como “guerrilla do chan” para subliñar a súa importancia e significación. Mercedes Yusta é unha das autoras que máis ten reflexionado sobre este aspecto,

“Y es que la lucha guerrillera durante los años cuarenta se desarrolló en dos frentes: el “monte” y el “llano”. Los propios guerrilleros consideraban que sus fuerzas estaban compuestas por las “guerrillas del monte” y las “guerrillas del llano”, que no eran una verdadera organización sino un espacio multiforme que englobaba a los civiles que colaboraban con la guerrilla, las casas “seguras”, los “puntos de apoyo”. Se establece así una división entre el espacio masculino de la lucha armada (aunque en el monte no hubo solamente hombres, como veremos) y el espacio feminizado del “llano”, en el cual, en ausencia de los hombres, las mujeres de los huidos y guerrilleros no sólo tenían que afrontar las dificultades de la vida cotidiana sino también, muy a menudo, colaborar en la resistencia aportando ayuda material a los grupos de guerrillas” (Yusta, 2004:82)

² Ver Anexo I

³ Juana López, J e Prada Rodríguez, J. (2017). *Nuevas perspectivas en el estudio de la mujer durante el franquismo*. Madrid: Sílex. P.196

III. MULLERES E GUERRILLA

“Coa nova orde social as mulleres ficaron reducidas ao cumprimento dunha serie de roles tradicionais que as excluíron dos mecanismos de participación social, o que contribuíu á conformación dun modelo ideal feminino, tarefa en que foi clave o apoio teórico e práctico da Sección Femenina e da Igrexa. A planificación política e ideolóxica imposta polo réxime ditatorial e polo nacionalcatolicismo tivo unha especial incidencia nas mulleres. Foi unha época en que o androcentrismo campou por todas partes.” (Marco, A., 2011:9)

As palabras de Aurora Marco dannos pé a tratar o tema das mulleres na guerrilla, xa como guerrilleiras, xa como enlaces nas redes que sostían aquela. Mulleres que se apartaron dos idearios que o franquismo marcaba como “bos” para as mulleres. Empezaremos referíndonos a aquelas que apoiaron e resultaron o soporte da loita armada, das mulleres da “guerrilla do chan” e das motivacións que as levaron a facelo. O parentesco será un factor condicionante, segundo Mercedes Yusta. Esta historiadora afirma que as mulleres que tiñan un familiar fuxido comezan a axudalo mais non (conscientemente) con fins políticos, senón seguindo o rol tradicional de coidadoras que lles fora asignado en relación ao seu xénero. Mais apoiar á guerrilla era un delito moi grave a ollos dos sublevados e do posterior Réxime Franquista, polo que se converten en opositoras e moitas son duramente reprimidas como tales. “Ser madre, mujer, hija o hermana de “rojo” se convirtió en un delito” (Yusta, 2004:81).

“Hoxe sábese que foi vital a súa colaboración para a continuidade das organizacións guerrilleiras que operaron en Galiza porque, se se mantiveron durante tanto tempo, foi por contar cunha ampla rede de apoios, construída a base de complicidades ideolóxicas e compromisos persoais.” (Marco, 2011:14).

Como sinala Alejandro Rodríguez (2017) tamén hai que ter presente o compoñente ideolóxico ou os lazos de amizade, polo que se irá tecendo unha rede que dará lugar a unha “guerrilla do chan” cuxos membros arriscarán as súas vidas para axudar aos guerrilleiros do monte.

“en muchas ocasiones la acción heroica (y “visible”) de los guerrilleros, los partisanos o los “maquisards” no hubiera sido posible sin una multitud de acciones calladas e invisibles, a menudo realizadas por mujeres.” (Yusta, 2004:74)

Como se dixo, moitas delas comezaron prestando axuda a familiares e amigos, conformando as redes de apoio. A maioría non estaban politizadas previamente e non consideraban que estivesen a exercer unha loita antifranquista. Cómpre lembrar a labor destas mulleres que crearon redes de apoio arriscando as súas vidas e que ficaron esquecidas pola memoria. Aurora Marco, na súa investigación sobre as mulleres e a guerrilla determina que,

“Sobre as guerrilleiras da chaira -mulleres valerosas que expuxeron a súa vida para axudar os combatentes- o descoñecemento é aínda máis grande. Detrás de moitas casas, de moitas aldeas, de moitos pobos galegos – este foi un movemento de base fundamentalmente popular- hai moitas historias de enlaces, vivas, e outras que perduraron na memoria familiar e colectiva mais non se escribiron, e sen elas a Historia está incompleta” (Marco, 2011:14).

Aquelas mulleres do rural que axudaron aos guerrilleiros do monte puxéronse no punto de mira do réxime, converténdose en obxectivos da represión. Mercedes Yusta e Ignacio Peiró fan referencia a este proceso de represión especificamente feminina coa seguinte afirmación:

“Las que habían tomado parte en actividades de carácter político fueron castigadas como «rojas», pero también en tanto que mujeres que habían transgredido su papel de género y que habían traicionado, por tanto, su naturaleza femenina. Estas mujeres fueron castigadas en ese cuerpo de mujer que habían «desnaturalizado»: rapadas⁴, purgadas, violadas”(Yusta e Peiró, 2015:182)

Mercedes Yusta tamén reflexiona, xa en solitario sobre este asunto e escribe, cremos que con claridade:

“hablar de la resistencia de las mujeres a la dictadura franquista supone situarlas en el centro de un conflicto que tenía a la vez un carácter político y genérico, puesto que se trata de la resistencia a un régimen que las oprimía doblemente por el hecho de ser opositoras y mujeres” (Yusta, 2004:63)

Algunhas, para evitar as torturas e vexacións ás que se as sometían, deciden ir no monte xunto cos homes⁵. Para as mulleres tomar esta decisión non era algo sinxelo:

“Para escapar al acoso de las fuerzas represivas, a menudo no se presentaba más que una solución: unirse a los guerrilleros, “echarse al monte”. Sin embargo, esta decisión, adoptada con frecuencia por los hombres que colaboraban con la guerrilla cuando caían bajo las sospechas de la Guardia Civil,

⁴ Ver Anexo II

⁵ Véxase, sobre a represión feminina en Galicia, Juana López, J. e Prada Rodríguez, J. (2017). *Nuevas perspectivas en el estudio de la mujer durante el franquismo*. Madrid: Sílex

no era fácil de tomar para las mujeres. En general, no parece que fueran animadas a ello por los propios guerrilleros: en especial, en las guerrillas controladas por el PCE se hacía gala de una moral estricta que presuponía la ausencia de mujeres en los grupos guerrilleros. La guerrilla era organizada como un verdadero ejército con todas sus consecuencias, y una de ellas era la ausencia de mujeres.” (Yusta, 2004:85)

Moitas veces o ambiente na propia guerrilla non era favorable á entrada de mulleres. Marcelino Fernández Villanueva, guerrilleiro que chegou a ser o xefe do Estado Maior da Federación de Guerrillas León-Galicia, ditou que non estaba permitida a participación das mulleres na guerrilla. Nunhas declaracións que deu no ano 1995 afirmaba que:

“En esto, yo era inflexible: no las quería en los campamentos. Y ello por motivos que no hace falta ser muy inteligente para darse cuenta: yo tengo aquí a mi compañera, me toca salir a patrullar, la deixo con otros y... siempre surgen los celos” (Marco, 2011:13).

Hartmut Heine na súa obra *A guerrilla antifranquista en Galicia* relata como Antonia Díaz, compañeira do guerrilleiro coñecido como “O Gardarríos”, tivo que refuxiarse no monte con el ao ser descuberta pola Garda Civil. Tras isto algúns dos seus enlaces retiráronlle o apoio posto que non vían ben que unha muller estivese no monte cos homes⁶. É evidente, polo tanto, que as mulleres non só se tiñan que enfrontar á falta de consideración que o Réxime franquista tiña cara elas, senón que dentro da propia estrutura guerrilleira existían prexuízos cara as mulleres polo simple feito de o seren. O discurso heteropatriarcal non era patrimonio exclusivo dos golpistas. Confírmase, unha vez máis, que existía unha marcada estrutura patriarcal na sociedade e que (sempre con excepcións, por suposto) extrapolárase á convivencia no monte.

Así que cómpre analizar cal era o papel destas mulleres dentro da estrutura da guerrilla en Galicia. As guerrilleiras desenvolvían, en numerosas ocasións, labores que se correspondían co que socialmente lles fora asignado por seren do sexo feminino, é dicir, labores “propias do seu xénero” que remiten á domesticidade e ós coidados (lavar, cociñar, coidar dos guerrilleiros feridos, etc.). Polo tanto pódese falar dunha división sexuada do traballo evidente. Mais o feito

⁶ Heine, H. (1982), *Guerrilla Antifranquista en Galicia*. Vigo: Xerais.

de pasar a integrar as filas dunha guerrilla era un acto transgresor para as mulleres da época. É por isto que ao rachar esas barreiras socialmente impostas ao sexo feminino son menosprezadas e insultadas tanto por unha parte da poboación como polo Réxime. En relación a isto Mercedes Yusta (2004) apunta que este comeza a construír e difundir un discurso en contra das guerrilleiras, afirmando que a súa función no monte era a de satisfacer as necesidades, sobre todo sexuais, dos guerrilleiros aos que denominaban “bandoleiros”.

Consuelo Rodríguez López, guerrilleira coñecida co alcume de “Chelo” sinalaba:

“Naquel tempo ás mulleres que andábamos con guerrilleiros chamábanos putas. Eran os fascistas e a Garda Civil os que dicían iso: “as putas dos roxos”, esas están fodidas polos roxos”, dicía Cartón no cuartel de Ponferrada, cando estábamos detidas varias mozas de guerrilleiros. É algo que non admito” (citada en Marco, 2011:12)

O feito de que unha muller do momento desafíe dese xeito as normas impostas é un acto de rebeldía que ía en contra dos valores franquistas que se baseaban nunha concepción de muller tradicional e submisa. Aurora Marco afirma que:

“De aí a incompreensión, o rexeitamento para as que traspasaron esas barreiras da domesticidade - como as guerrilleiras e, antes, as milicianas- porque, en maior ou menor medida, estaban exercendo unha actividade política e, por tanto, pública. Elas representaban para os franquistas a antítese do que entendían debía ser unha muller decente ...Coa moral franquista houbo outras formas de humillar as guerrilleiras porque, para desvalorizar o papel que xogaron, alén de se referir a elas como bandoleiras, eran consideradas como as queridas, as amantes dos guerrilleiros, as que estaban “amancebadas con...”, as que mantiñan “relacións ilícitas con...”, as que “facían vida marital con...”. Tamén as actas dos consellos de guerra están inzadas destas referencias e de informes sobre conduta moral, pública e privada -e política- das encartadas nos procesos. (...) para desprestixiar as traxectorias de moitas resistentes que loitaban por un ideal; para facer esquecer que a inmensa maioría tiñan o mesmo compromiso que os homes. “(Marco, 2011:10-11).

Menosprezaban a moralidade da guerrilla atacando en especial a aquelas mulleres que desafiaban os estereotipos do sexo feminino. Pero é preciso ter en conta que existiron guerrilleiros que si apoiaron e valoraron o papel das mulleres, das guerrilleiras do chan e das do monte. O guerrilleiro coñecido co alcume de *Quico* fala sobre a participación das mulleres e a importancia que tivo nestes termos:

“Hubo compañeras en la guerrilla peleando como los hombres, con un arma. Sobre todo en la base popular. La mujer, al menos en nuestra región, la región de Galicia y de León, ha sido el factor casi determinante de la existencia de las guerrillas. (...) Digo esto en honor a la mujer y en pro también de que en este país la mujer llegue a alcanzar el lugar que le corresponde en la sociedad” (Álvarez, Hinojosa e Sandoval, 2003:43)

Parécenos fundamental resaltar a figura das guerrilleiras que ocuparon postos de mando.

Destacarase a Enriqueta Otero e Consuelo Rodríguez López.

III.I Enriqueta Otero

Abordarase a historia de Enriqueta Otero seguindo a biografía escrita por Ángel Gallardo (2005). Enriqueta naceu no ano 1910 en Miranda, Castroverde. A familia era labrega e na casa mantíñase unha férrea estrutura patriarcal, a nai casara con 17 anos e vivira ás ordes do marido. Pasou tempadas soa a cargo da facenda e con sete fillos aos que manter, polo tanto dende moi cativa Enriqueta tivo moi presente o seu esforzo mais escolleu un xeito de entender a vida moi distinto.

Perdeu a figura materna cando tiña doce anos e foi apadriñada por un tío sacerdote, o que marcará o seu futuro. Estudará bacharelato no Colexio da Milagrosa de Lugo e logo ingresará na Escola de Mestras en 1924. Alí defendeu que a escola debería prestar atención ás capacidades das persoas e non ao seu poder adquisitivo. Enriqueta remata os seus estudos aos 18 anos cun magnífico expediente e comeza a traballar para ter independencia económica e poder manter aos seus tres irmáns máis novos. Exerceu como mestra en Ribadeo e na Fonsagrada, lugares onde deixou unha fonda pegada no alumnado. Viviu a transformación educativa da II República polo que tivo que facer uns cursos para adaptarse ao novo currículo; isto marcará a súa formación ideolóxica, que decidirá comprometerse co progreso social mediante a educación.

Xa en 1936 Enriqueta comeza a tomar contacto co marxismo e co PCE. O inicio da guerra sorpréndea en Madrid, onde inicialmente axuda a nenos a fuxir cara o Levante para protexelos dos bombardeos, mais tamén traballará como enfermeira no Hospital Militar de Carabanchel, onde chega a ocupar un posto de mando. Logo formou parte dunha Brigada Móbil e en xuño de 1937 intégrase na 46ª División formada por intelectuais de diversos campos. Esta División coñecía-se como a *Milicia da Cultura*, “Os milicianos da cultura alfabetizaban na mesma liña de fogo, cando terminaban as operacións militares” (Rodríguez,2005:61)⁷. Durante este período da súa vida Enriqueta acaba por se definir ideoloxicamente e converterse nun cadro importante dentro da loita antifascista, ademais axuda a cultivar e formar ideoloxicamente a outras persoas.⁸

A situación nos últimos momentos da guerra foi moi complicada, incluso entre as forzas que loitaban contra o fascismo, posto que acabaron por enfrontarse internamente. Enriqueta é arrestada por membros socialistas mais consegue fuxir do cárcere e rexeita a idea do exilio. Os fascistas xa tomaran o control e os cadros comunistas estaban a ser detidos. Ela consegue facerse con documentación falsa e chega a Lugo, cidade na que un párroco amigo axúdaa a esconderse. É perseguida e depurada do seu posto como mestra por mor da súa ideoloxía, polo que regresa a Castroverde onde comeza a axudar a fuxidos e acaba por integrar a guerrilla, na que ocupa postos de mando: encárgase das finanzas⁹ e mesmo chega a ser Secretaria Xeral do Comité Provincial de Lugo en determinados momentos.

“A influencia de Enriqueta na articulación organizada da guerrilla en parte da provincia de Lugo, desde época temperá, foi considerable. A partir do seu labor organizativo, con certo peso na elección dos xefes militares e responsables políticos, estableceu contactos en Chantada (...). Xa en maio de 1941, Enriqueta ten algunha intervención na organización dunha estrutura política comunista en Viveiro, así como na articulación de parte do movemento guerrilleiro desa bisbarra ou na distribución dos cartos conseguidos nos “golpes económicos””. (Rodríguez,2005: 94).

⁷ Ver Anexo III

⁸ Ver Anexo IV

⁹ “Boa parte das axudas monetarias procedían de entregas voluntarias de simpatizantes. Para iso, vendíanse selos de Socorro Popular Antifranquista, coñecido como Socorro Rojo, e os cartos empregábanse tamén en axudar os presos republicanos nos cárceres franquistas” (Rodríguez,2005:105)

Xa en febreiro de 1946 Enriqueta é localizada e sorprendida nun piso onde se encargaba dunha multicopista, e, alertada polo dono do piso, fuxe.

“Armada cunha pistola do calibre nove longo, marca Star, (...) corenta e cinco balas gardadas nunha saqueta de lá enganchada a un botón do vestido e algunhas bombas de man de escasa potencia, abriu a porta e saíu correndo, mentres os policías disparaban tras dela. Ao ver que unha bala lle pasaba rozando o ombro, fixo algúns disparos intimidatorios.” (Rodríguez, A. 2005:125).

Mais acaban por dispararlle a unha perna e conseguen detela no Agro do Rolo, en Lugo.¹⁰

“Levada a rastro ata a estrada, ráchanlle totalmente a roupa do lombo e sométena a todo tipo de ameazas. É duramente torturada e sometida a unhas malleiras tremendas. (...). É ingresada no Hospital Militar e interrogada varias veces. Nunha delas pónenlle diante, case moribundo, o seu compañeiro José Vicente Rodríguez, quen morre vítima das torturas sufridas no cárcere da comisaría de Lugo.” (Rodríguez, 2005:129).

Tanto durante a súa hospitalización, como no cárcere, sofre torturas e vexacións co obxectivo de que revelase datos sobre a guerrilla e os seus integrantes. As forzas represivas coñecían o papel fundamental que desenvolvera a guerrilleira polo que foi condenada a 30 anos de prisión, pero evitou a pena de morte, ela mesma di “a presión internacional foi tremenda para que se conmutase a miña pena de morte, entrevi a Asociación Internacional de Mulleres Antifascistas (...) entrevi o Vaticano e da noite a mañá convertinme na heroína do pobo galego” (Rodríguez, 2005:145).

Finalmente o 1 de agosto de 1960 consegue a liberdade condicional tras varios traslados de cárcere e un tempo nun centro psiquiátrico por mor dos ataques de nervios derivados das torturas sufridas. Mudarase a Madrid, á casa de familiares, e logo volve a Castroverde onde traballa como labrega “Enriqueta achégase aos problemas dos campesiños (...) e tamén inicia un traballo en prol da reivindicación dos dereitos da muller desde un feminismo radical” (Rodríguez, 2005:189). Xa en 1974 consegue que a repoñan no seu posto de mestra e crea unha

¹⁰ Ver Anexo V

asociación de labregos, outra de veciños e unha asociación cultural *O Carriño*, “La Cultura será la solución básica de todas las problemáticas. La Cultura es la base para la realización de los ideales” (Rodríguez, 2005:193). Tamén se achega ao Movemento Democrático de Mulleres Galegas que ten relación co Partido Comunista de Galicia. Asemade crea a Casa da muller

“Enriqueta era unha muller culta, cun currículo de loitadora sen complexos ante os homes, que non lle permitía ver con resignación a actitude pasiva de moitas mulleres ante o sometemento e a anulación das que eran vítimas por parte dunha sociedade infectada, na súa opinión, de “ un virus moi venenoso e perturbador, o virus do machismo responsable, entre outras desgracias, da existencia da prostitución”. (Rodríguez, 2005: 195-196)

Morrerá en outubro de 1989 na súa cidade natal, Lugo, deixando unha historia de muller mestra, guerrilleira e activista convencida en prol dos dereitos das mulleres e das clases populares. O único xeito de non dar a esquecemento a súa labor é manter viva a súa memoria.

III.II Consuelo Rodríguez López *Chelo*

Para a elaboración da historia de Chelo usaremos como fonte a biografía escrita por Aurora Marco, recollida na monografía *Mulleres na Guerrilla Antifranquista Galega*. A guerrilleira transmitiu á autora o seguinte:

“Ti es a nosa voz, a voz das guerrilleiras (...). Continúa con este traballo impagábel. Sabes que a presenza das mulleres na guerrilla foi fundamental e iso ten que saberse. Estou orgullosa do que fixen e hoxe, de darse as circunstancias, volveríao facer” (Marco A, 2011: 83)

Consuelo Rodríguez López nace en outubro do ano 1919 na aldea de Soulecín. Medrou nunha casa labrega, seu pai estivo na emigración en Cuba e Chelo, ao ter irmás menores, recibiu pouca formación educativa posto que tivo que encargarse do coidado da casa e das irmáns dende moi nova. Cando tiña trece anos nacía a II República, polo que xa non era unha nena nestes anos de cambio e puido participar das mudanzas sociais. Tiña tres irmás maiores que mantiñan

relación con outros veciños de ideoloxía comunista, como por exemplo o mestre do pobo. A guerrilleira relata como nunca fora á misa e como o seu irmán Roxelio mudara do bando nacional ao republicano, motivo polo que familia fixera unha festa. Mais por esta traizón tiveron que pagar con cárcere o pai e un dos irmáns que, fuxindo das filas do bando nacional, tamén, refúxiase na casa. Mais a Garda Civil non tarda en facer un rexistro, e nel un garda resulta ferido de morte. A consecuencia disto Chelo mais súa nai fican presas, como logo estará o pai. Serían postos en liberdade mais ao estar os irmáns fuxidos a familia ficaba baixo control.

Un dos feitos que marcará a vida da guerrilleira terá lugar en outubro de 1939, o día que cumpría 20 anos. Forzas represivas do estado ditatorial presentáronse na súa casa e golpearon a seus pais, a continuación fusiláronos e enterráronos á beira dun camiño. “Vin marchar os meus pais polo camiño de atrás. Ao pouco tempo sentín os disparos e xa non lembro como saímos de alí (...). Cando me acheguei, o único que vin foi un charco de sangue. Sei que morreron abrazados”. (Marco A, 2011:60).

Despois deste duro golpe continua a axudar aos irmáns e a outros fuxidos, a casa familiar coñecida polos guerrilleiros como “A Fortaleza” será o refuxio de multitude de maquis. “A nosa casa sempre foi lugar de resistencia. A Garda Civil rexistraba noite e día” (Marco A, 2011: 63). Aos inicios dos 40 Chelo comeza unha relación amorosa co que chegaría a ser xefe da II Agrupación da federación de Guerrillas León-Galicia: Arcadio Ríos, militante do PCE. Ata o ano 1945 Chelo exercerá funcións de enlace xunto coa súa irmá Antonia, incluso chegando a introducir clandestinamente armas nunha prisión para axudar aos irmáns. Mais dous deles acaban por seren tamén fusilados.

Tras varias estadías no cárcere e un continuo asedio, Chelo e súa irmá pasan a integrar as filas da guerrilla do monte. A guerrilleira relata “Eu sempre quixen a pistola porque pensaba que, se algún día estaba nunha situación difícil, defenderíame con ela, para que non ocorrese o de

meus pais, que os mataron como a cans. (...) Participei nalgúns combates cos meus compañeiros.¹¹” (Marco A, 2011: 70). A guerrilleira participaba da estrutura en igualdade cos homes, incluso indo armada aos combates. Nela vese outro exemplo dunha muller que participa da resistencia e loita antifranquista movida por uns ideais claros.

“Aquela foi a etapa máis bonita da miña vida. Era unha vida perigosa, dura, pero preciosa. Eu estaba loitando por un ideal e tiña ao lado á persoa que máis quería. Para min foi un orgullo participar naquela loita e nunca renego do meu pasado (...) Naquel tempo ás mulleres que andábamos cos guerrilleiros chamábanos putas. Eran os fascistas e a Garda Civil os que dicían iso (...) nós sabiamos cal era a nosa loita. Eu era dona dos meus actos e non tiña que dar explicacións a ninguén. A sociedade daquel tempo non nos entendía.” (Marco A, 2011:73).

Os guerrilleiros construíran nas montañas de Valdeorras un verdadeiro pobo, ó que chamaban Cidade da Selva¹². Chelo¹³ conta que alí foi onde aprendeu a ler e escribir, posto que de cativa non puidera asistir á escola. En 1946 sufriron unha emboscada na Cidade da Selva e a consecuencia desta o compañeiro de Chelo morre a causa do impacto dunha bala, ela xa perdera tamén ós seus irmáns. Moitos dos membros da partida tiveron que fuxir e a guerrilleira acaba por se refuxiar en Madrid e despois marchar ata Francia “Cando pisei terra francesa pensei: “Teño a liberdade e non sei para que a quero se deixo todo atras...” Leváronme directamente a Toulouse; á sede do PSOE” (Marco A, 2011:79). Así comezou o exilio da guerrilleira, no novo país tivo o apoio do irmán de Arcadio, César Ríos, que casara con súa irmá Antonia. Mais tamén o de Consuelo Ríos, irmán de Arcadio e César. Alí traballou no campo e como empregada do fogar para manterse economicamente e acabaría por coñecer a Marino Montes, un guerrilleiro asturiano co que casará e terá dous fillos. Marino morre en 1989 mais a guerrilleira seguirá vivindo ata 2012 en Francia onde no xardín conserva unha estrutura que

¹¹ Ver Anexo VI

¹² “A Cidade da Selva é o nome co que os propios guerrilleiros que vivían no lugar bautizaron a un grupo de campamentos no entorno dos montes de Casaio, no concello da Carballeira de Valdeorras. O campamento foi un dos centros de actuación máis importantes da Federación de Guerrillas de León-Galicia e un dos máis relevantes do noroeste peninsular.” ((20/7/2018). *Historia de Galicia*. <http://historiadegalicia.gal/2018/07/a-cidade-da-selva-un-dos-mais-importantes-campamentos-da-guerrilla-antifranquista-sera-escavado/>)

¹³ Ver Anexo VII

semella á dos “chozos”¹⁴ onde se agochaban os guerrilleiros. No ano IX recóllese a análise dun documental no que a guerrilleira conta a súa historia, mais tamén amosa a historia doutras guerrilleiras¹⁵. Chelo nunca abandonou a loita, regresou a Galicia en varias ocasións tras a morte do ditador tanto para actos de recuperación da memoria como para colocar ela mesma unha placa no lugar onde aínda están os corpos de seus pais. E sempre considerou que manter viva a memoria era fundamental.

“A loita nesta altura concéntrase no recoñecemento do labor dos resistentes (...), na loita contra a desmemoria, na loita por facer desaparecer dos documentos oficiais a denominación de bandoleiras/os, por facer desaparecer esa idea maliciosamente estendida de que as guerrilleiras eran unhas putas, para tratar de desvirtuar e denigrar a súa actividade de resistentes antifranquistas.” (Marco A, 2011: 83)

IV. MULLERES E GALICIA NOS ÚLTIMOS ANOS DA DITADURA, NA TRANSICIÓN E NA DEMOCRACIA

Tralo estudo da guerrilla antifranquista e do papel fundamental que as mulleres xogaron nela, queremos avanzar no tempo e analizar outras organizacións con ese cariz que actuaron en Galicia durante os últimos anos do franquismo, na Transición e nos inicios do período democrático. Ao igual que anteriormente, prestaremos atención ao papel que as mulleres desenvolveron dentro das mesmas, e exemplificaremos esta con estudos de caso. Comezaremos por contextualizar historicamente este período a analizar e, a continuación, afondaremos no papel das mulleres.

É preciso ter en conta que nos anos sesenta e setenta do século XX en Galicia, ben fora pola influencia do resto de Europa que chegaba aquí grazas ao turismo sobre todo, ou polas redes de cultura de minorías, a poboación tomou contacto con outras ideoloxías e culturas. Deste

¹⁴ Ver Anexo VIII

¹⁵ Ver Anexo IX

modo a literatura marxista comezou a ser adquirida e estudada de xeito clandestino, o que abría a mente a outros modos de entender a realidade, algo que evidentemente contribuíu a crear unha fenda no pechado sistema franquista. Asemade, dende os anos sesenta estudantes universitarios comezan a se mobilizar a prol dunha universidade como espazo de diálogo e progresión, convertendo a institución nun lugar iniciático de diálogo. Foron importantes as correntes socialistas que penetraron nela así como a fundación do sindicato de estudantes e distintos departamentos que permitiron crear un espazo no que se poñen en práctica dinámicas democráticas mediante a elección de representantes de alumnos ou a interacción cos órganos superiores das universidades. Ramón Villares apunta:

“Desde finais dos anos 50 prodúcese unha incorporación de novas xeracións á práctica política galeguista a través da actividades de carácter cultural, como eran as Festas Minervais celebradas en Santiago de Compostela, colaboracións xornalísticas en diarios como *La Noche*, de Santiago, e mediante a aparición de grupos informais, como o constituído en Madrid co nome de Brais Pinto. A aparición das primeiras críticas ás oposicións do grupo Galaxia, así como a influencia exercida por figuras do exilio (...) son factores que facilitan a creación de novas organizacións políticas e novas orientacións ideolóxicas no seo do galeguismo do interior, que aposta claramente pola recuperación do concepto nacionalismo, abandonado tactivamente nos tempos republicanos.” (Villares, R. 2016: 443-444)

Xa nos anos setenta a situación de distanciamento do pensamento único imposto pola Ditadura, non só para a universidade, onde “prima la idea de un movimiento estudiantil de carácter anticapitalista y revolucionario que no obvia el recurso a la violencia y que cita profusamente a Mao o al Che Guevara” (Gómez, 2008:108), senón que tamén noutros sectores da sociedade comezan a agromar distintos movementos de corte socialista que van formando partidos e organizacións de xeito clandestino e que piden un cambio social e do modelo económico. Neste ambiente a Ditadura comeza a debilitarse por mor das crecentes mobilizacións, a organización obreira, a organización estudiantil e a actividade do grupo terrorista ETA. Asemade o clero, que foi un pilar fundamental de apoio ao Réxime comeza a inclinarse, nalgunhas zonas como Cataluña, a favor dun cambio. No ano 1975, cando morre o ditador, iníciase unha etapa histórica coñecida como a Transición, un proceso que implicou o paso da Ditadura cara un

estado democrático. Non podemos esquecer a forte pegada que neste proceso tivo persoal do franquismo, moito do cal sobrevivirá politicamente ó período, pero tampouco a mobilización social que o protagonizou.

Haberá casos de mulleres que loitarán contra o sistema franquista en prol das súas liberdades nesta altura, mais non será ata case a década dos setenta cando comece a xurdir organizacións de mulleres como o “Movemento Democrático de Mulheres” (MDM), que tivo como cerne ás mulleres dos presos. Elas coñecíanse nos cárceres e comezaron a establecer relacións de amizade e camaradería. A maioría estaban vencelladas directa ou indirectamente ao PCE, partido maioritario entre a poboación reclusa da altura, e organizáronse de xeito clandestino. Esta organización operaba a nivel estatal e en Galicia tivo o seu xermolo na cidade de Vigo. Dentro dela destacan mulleres como Margarita Rodríguez, que era representante sindical, Margot Chamorro, que era ama de casa, ou a valenciana Alabau Albors, que chegou en 1970 a Ferrol e xa era militante do PCE. O primeiro grupo integrábanlo 20 mulleres entre as que destacan María de los Ángeles Fernández, Teresa Heredero ou María Dolores Reverter. Mais ás súas asembleas acudirían centos de mulleres de distintas partes de Galicia. En Lugo non se organiza este movemento ata 1976.

“A maioría das súas accións, nun contexto en que a represión era aínda moi forte, entraban dentro das clásicas estratexias de resistencia e oposición de baixo risco: breves cortes de circulación, cubrir un espazo público con carteis coas súas consignas, pequenos mitins ou arengas, repartimento de panfletos en mercados, e colexios e incontables charlas sobre cuestións que interesaban directamente ás mulleres, como os anticonceptivos, a coeducación, a súa situación xurídica, a discriminación no traballo, o matrimonio, os fillos, o divorcio”¹⁶

¹⁶ Álvarez, M. (2016). Movemento Democrático de Mulleres en Galicia. Unha andaina cara ao feminismo desde a loita antifranquista e a acción veciñal. Cultura Galega. Recuperado de <http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=1042>

Neste colectivo, para que as mulleres acadaran os seus dereitos, era básico conseguir establecer un estado democrático. E ese sería o eixo da súa loita, ao contrario que outras organizacións que se centraban de xeito primordial e mesmo único na liberación da muller.

En 1964 fúndase a UPG e en 1972 ERGA, partido político nacionalista galego o primeiro e sindicato estudantil da mesma liña o segundo. A estes prestaremos especial atención por encadrarse neles algunhas das activistas ás que pensamos que é importante dar visibilidade e das que se debe rescatar a súa memoria. A continuación comentaremos a realidade do nacionalismo galego e do mundo universitario nos estertores do franquismo, e faremos mención das mulleres que deles participaron.

IV.I Movemento universitario no seo do Nacionalismo Galego

Para analizar este ámbito acudimos ós traballos de dous consumados historiadores políticos, Xusto Beramendi e Xosé Manoel Núñez Seixas. Pareceunos de interese analizar tamén entrevistas e artigos de activistas, así como a obra da historiadora e militante Noa Rios co que pretendemos aportar unha perspectiva novidosa, aínda ben conscientes das súas eivas.

En primeiro lugar cómpre remontarse á creación da Unión do Pobo Galego (en adiante UPG), que ten as súas orixes nun grupo de estudantes e traballadores que naquel momento residían en Madrid, mais eran galegos convencidos de que Galicia debería ser independente. Fundarase en 1963 tras a experiencia do *Consello da Mocidade*¹⁷ refundarase o 25 de xullo de 1964 en

¹⁷ “Os primeiros intentos de reorganización partidaria teñen lugar a principios dos anos 60, coa constitución da Consello da Mocidade, de ampla diversidade ideolóxica. Desta experiencia xorden os novos partidos olíticos que se definen como nacionalistas, cuxa aparición ten lugar, case simultáneamente, nos anos 1963 e 19664, cando se funda tanto o Partido Socialista Galego (PSG), como a Unión do Pobo Galego (UPG). A fundación destes partidos foi protagonizadapor grupos de profsionais e universitarios formados nos anos 50...” (Villares, R. 2016: 444)

Compostela. Xusto Beramendi reflexiona sobre a importancia destes anos en canto á transformación do nacionalismo galego e a súa progresiva delimitación.

“Durante os anos 50 e primeiros anos 60 a maioría dos mozos que se achegaron ao nacionalismo galego consideraron insuficiente a pura acción cultural e, influídos polas ideoloxías dos movementos de liberación nacional e de esquerda que predominaban daquela nos emerxentes movementos obreiro e universitario, tentaron combinar o seu nacionalismo con diferentes variantes do marxismo, o que provocou a máis fonda mutación ideolóxica experimentada polo galeguismo político dende o seu nacemento.” (Beramendi, X. 2003: 71)

A organización vaise ver influenciada por fitos históricos tales como a Guerra do Vietnam, a Revolución Cubana ou o Maio do 68. Adapta formulacións socialistas e comunistas a Galicia, coa lingua e a cultura como eixos e recorrendo ao concepto de Galicia como colonia dun estado imperialista que se correspondía co Estado Español. Xosé Manoel Núñez Seixas apunta o seguinte:

“El papel central del idioma de la definición de la nación gallega por los nacionalistas continuó vigente con plena fuerza en lo sucesivo, a lo que se añade una conciencia agónica de lucha por su existencia frente a la opresión histórica y colonización cultural de Castilla primero y de España después”¹⁸

Os seus dez puntos fundacionais¹⁹ defenden que Galicia é unha nación na que deberá mandar o pobo, que ten dereito a nacionalizar os medios de produción e o agro. Polo que vemos, unha clara ideoloxía nacionalista galega cuxo eixo vertebrador é o comunismo. A UPG promoveu tamén a loita armada para perseguir os seus obxectivos, organizando os coñecidos como “Tercios de Asalto”, grupos reducidos de catro ou cinco persoas que, armados con fouces, machados e outros utensilios de labranza acudían aos puntos onde había un conflito e disolvíanos usando a violencia. Deste modo comezaron con accións contra Fenosa²⁰,

¹⁸ Núñez Seixas, X. M. (1997). Idioma y nacionalismo en Galicia en el siglo XX: Un desencuentro histórico y diversos dilemas en el futuro. *Revista de Antropología Social*, nº 6: 176

¹⁹ Ver Anexo X

²⁰ Se dende a guerra civil ata os anos cincuenta a autarquía era o modelo a seguir, o que convertía o rural en fonte de materia prima, a partir dos anos sesenta, sobre todo nos sesenta, a política de corte “desarrollista”, tiña como finalidade modificar o rural para convertelo nun espazo no que aloxar intereses industriais. Fenosa, dirixida por Pedro Barrié de la Maza, ao contar co apoio do réxime, explotaba boa parte dos encoros galegos como, por

“Galicia necesita un destacamento armado que apoie cada un dos movementos e loitas de masas. Os obreiros de Ferrol non tiñan máis que pedras nas maos. O enemigo ten pistolas, metralletas e, si fora preciso, tanques, cañóns e avións. Hai que crear un exército clandestino que devolva ollo por ollo e dente por dente a cada crime e a cada tortura. Si non se fai así, os obreiros, os traballadores, os estudantes, os nacionalistas e os democratas non avanzarán máis.”²¹

En 1972 ten lugar a fundación dunha organización estudantil dentro desa plataforma política, será a ERGA (Estudantes Revolucionarios Galegos), discutíase se o último “a” facía alusión a armados, mais nunca se chegou a confirmar. Atendían aos problemas dos estudantes mais tamén promoveron o uso do galego nas aulas e en panfletos posto que a súa ideoloxía era de base nacionalista galega. Como recolle o libro editado polos CAF sobre ERGA, apoiaban diversas causas sociais vencelladas ao seu ideario.

“solidariedade con outros sectores sociais, conscientes de que a situación do ensino é consecuencia dunha problemática xeral (apoian aos traballadores, participan nos Comités de Axuda á Loita Labrega, nos conflitos existentes no país como as Encrobas...). En definitiva, ERGA foi unha gran escala de cadros para o nacionalismo. Moitas das persoas que hoxe en día traballan ou son dirixentes das organizacións do movemento nacionalista beberon de ERGA.” ((VV.AA (1997) *Un lume que prendeu e ardeu.. Dazaioto artigos da militancia de ERGA para lembrar o 25 Aniversario da súa constitución (1972-1997)*, Santiago de Compostela, Comités Abertos da Facultade (CAF))

En 1974 tres estudantes son detidos, dos que dúas son mulleres: María Aurora Prata Casais e María do Carmo Santiso Branco. O motivo foi a suposta colocación duns artefactos explosivos, estratexia que se repetirá outras veces durante estes anos. Deste xeito evidénciase como as mulleres que participan destas organizacións o fan sendo conscientes e perseguindo uns obxectivos acordes coa súa ideoloxía, son verdadeiras militantes.

Sen dúbida unha das figuras máis sobranceiras deste momento é a de Moncho Reboiras²², que no ano 1975 asumirá a dirección do comando armado da UPG. O 11 de agosto de 1975 Moncho Reboiras xunto a dous camaradas, unha delas muller, Elvira Souto, é interceptado polos

exemplo o embalse de Belesar. A venda de terras do Estado a empresas privadas como Fenosa non garantía o benestar da poboación, aínda que isto era no que se xustificaba na ditadura para expropiar os terreos.

²¹ *Terra e Tempo*, número especial, Paris, marzo de 1972

²² Ver Anexo XI

efectivos da policía nun piso de Ferrol, foi perseguido pola policía e morrería a causa dun disparo.²³ Dende este momento desenvolverase unha persecución masiva contra os membros de organizacións nacionalistas e moitos deles buscan refuxio en Portugal. Outros militantes da UPG serán detidos e encarcerados, entre eles María Luísa Vázquez Barqueiro, que será posta en liberdade dous anos máis tarde.

Por mor das continuas crises da UPG ábrese un novo período político para o Nacionalismo Galego, na que se visibiliza a opción independentista, onde terá un papel fundamental a APU (Assembleia do Povo Unido)

“A nova fase do independentismo aberta com a fundação da APU supom a posta em prática dum projecto político militar *stricto sensu*. Contrariamente ao que acontecia com a primigénea FPG, na que o papel de cada organização, -armada e política-, nom estava delimitado nem consensuado entre as forças integrantes da Frente, agora APU convertera-se na estrutura política legal legitimadora das actividades do EG, centrando a súa actividade no apoio aos/ás pres@s” (Rios, N. 2002: 96)

Ao longo destes anos tamén tiveron a súa andaina diversas organizacións independentistas de corte socialista, destacaremos algunhas como o Partido Galego do Proletariado ou Galiza Ceive-OLN e cómpre tamén destacar o papel das Xuntas Galegas pola Amnistía: XUGA.²⁴ No ano 1978 unha organización armada vencellada a estes dous partidos, LAR (Loita Armada Revolucionaria), queimou camións en Santiago de Compostela e levou a cabo diversas accións violentas, entre elas a colocación de explosivos. A consecuencia destes feitos, en 1980, algúns militantes son detidos e acusados de terrorismo polo que pasarán tres anos presos. Un dos membros de LAR, Antón Arias Curto, funda o EGPGC (Exército Guerrilheiro do Povo Galego Ceive) en 1986. Esta organización, segundo diversos autores, sería a continuación da LAR. Este contará co apoio de Galiza Ceive-OLN e do PCLN (Partido Comunista de Liberación Nacional) que nace froito da disconformidade dalgúns membros da UPG co rumbo do partido.

²³ VV.AA (2018). Moncho Reboiras: semente de vencer. *La Comuna*. Recuperado de <http://www.revistalacomuna.com/memoria/moncho-reboiras-semente-de-vencer/>.

²⁴ Ver Anexo XII

Mais con este último romperá os vínculos anos despois. Comezaran as accións da organización e no xuízo declararían como membros do EGPGC, consolidando publicamente a organización.

Xa en 1987 colocan oito artefactos explosivos en bancos. Dentro do panorama do nacionalismo galego existirán persoeiros e incluso partidos políticos como o Bloque Nacionalista Galego que condenarán estes métodos. As accións do exército continúan por toda Galicia e mesmo comezan a establecer bases nos montes imitando aos guerrilleiros e guerrilleiras antifranquistas:

“Os militantes percorrerán o monte galego construindo nele bases operativas. A súa intención respondía a que queriam experimentar un combate original e contextualizado em extermo, querendo analizar em que grau recursos que foram utilizados pola guerrilha anti-franquista (o monte como refúgio, num país sem grandes urbes nas que poder viver a clandestinidade)”

Tamén nestes anos redactan as súas bases na chamada *Nova Poesía Galega*²⁵, porán un explosivo na residencia de verán do presidente da Xunta e antigo persoeiro político do Réxime Franquista: Manuel Fraga e darán morte a un Garda Civil. Acción pola que serán detidos varios guerrilleiros e a guerrilleira Sefa Porca, da que se falará en profundidade na análise sobre as guerrilleiras desta organizaicón. En outubro de 1990, na discoteca Clangor de Compostela, Lola Lamas e José Vilar, membros do EGPGC, intentan colocar un artefacto explosivo en nome de combater os intereses do narcotráfico galego cando explota accidentalmente e acaba coas súas vidas, así como coa dunha moza viguesa que se atopaba preto da explosión.²⁶

A última acción do EGPGC terá lugar en Ferrol no ano 1991, coa voadura de dúas torres de alta tensión²⁷. Por diverxencias internas e constantes detencións dos seus membros, auto disólvese no ano 1995.

²⁵ Ver Anexo XIII

²⁶ Ver Anexo XIV

²⁷ Ver Anexo XV

Cómpre facer referencia ás mulleres que participaron da loita armada en tempos de democracia. Deste xeito, e tomando como referencia o documental feito por AMI sobre as guerrilleiras desta organización, afondaremos no seu papel combativo, as motivacións e a súa perspectiva dende dentro da loita armada. Toda esta análise recóllese no Anexo XVI ²⁸. Tras a análise dos testemuños das guerrilleiras podemos comprender que cada unha delas chegou á organización dun xeito distinto, mais todas partillaban uns ideais baseados no independentismo, que cree na liberación nacional de Galicia, e o feminismo. Algunhas toman contacto co EGPGC por solidariedade, a mesma que desenvolven entre elas e as súas familias, tecendo redes de apoio. Ademais moitas participan das accións armadas, sendo encarceradas ou morrendo nas operacións como foi o caso de Lola. Trátase de militantes comprometidas e plenamente conscientes do papel que estaban a xogar naquel momento.

IV.II Mulleres nas organizacións feministas e estudantís

Abordaremos aquí algunhas historias de militancia de diferentes mulleres galegas que nestes anos participaron da loita e resistencia social, ben fora en organizacións estudantís como noutras de carácter independentista.

En primeiro lugar atenderemos á historia de María Rosario Regueira Cereixo, militante de ERGA dende 1976 ate 1983 e que posteriormente participará da creación de *Mulheres Nacionalistas Galegas* (MNG). Tomando como referencia o artigo que ela mesma escribiu para o libro editado polos CAF sobre ERGA ²⁹ percorrendo brevemente a súa traxectoria. A activista relata como durante a súa infancia e adolescencia había unha fenda entre o que estudaba na escola o que observaba a través da propaganda do Réxime, e o que escoitaba na casa. Polo

²⁸ Ver Anexo XVI

²⁹ (2011). *Un lume que prendeu. Dezaoito artigos da militancia de ERGA para lembrar o 25º Aniversario da súa Constitución (1972-1997)*. Compostela. Comités Abertos da Facultade

tanto a educación era unha ferramenta de alienación para a cidadanía, mais a historia e a memoria seguían vivas na clandestinidade e de xeito oral.

“había dúas historias: Unha, a versión oficial, que se estudaba na escola, que viña no periódico, que dicía a rádio e logo a televisión, que se mantiña «cara afora». E outra a de verdade, a que se contaba na casa, a que se dicía en galego e falaba da miséria e das misérias. A dos emigrantes, dos zocos e das vacas. E despois, aínda se alviseaba, como entre néboa, outra: a das pintadas que aparecían pola mañá, a dos obreiros de Vigo e de Ferrol; a dos estudantes da Universidade...” (Regueira, M, 2011, p.68)

Deste xeito ela decátase de que hai algo máis aló do que dende as elites se impoñía. No seu ambiente estudantil e grazas a ERGA, comeza a asistir a faladoiros clandestinos nos que pouco a pouco vai conformando a súa ideoloxía que distará da socialmente aceptada no momento. Fala das novas ideas difundidas a través da organización estudantil: ensino en galego, democratización do ensino, oposición á selectividade etc. E como militante afirma que se cometeron erros, aprendeuse deles e traballouse para mellorar. Lembra con morriña aqueles anos que mudaron a súa vida e afirma que as camaradas convertéronse en amigas e, hoxe en día, seguen activas en prol dos seus ideais. De feito, moitas delas participaron anos despois da creación de MNG.

En 1976 créase a *Asociación Galega da Muller (AGM)* “A idea que partilhavam era pensar que as mulleres podían permanecer unidas nunha única organización a pesar das diferenzas políticas e ideolóxicas” (Ocampo, L. 2006). Cómpre destacar que estaba coordinada pola “Coordinadora Estatal de organizacións Feministas”, polo que operaba a nivel estatal e non só a nivel galego, é dicir, non naceu e se coordinou dende Galicia e polo tanto o Nacionalismo Galego non era un dos seus piares. Na década dos oitenta experimentará unha serie de excisións e perderá forza en favor doutras novas. Como é o caso do *Mulheres Nacionalistas Galegas (MNG)*.

Para analizarmos a MNG tomaremos como referencia a intervención de Luísa Ocampo, militante e guerrilleira á que se fai mención no anexo sobre guerrilleiras en Democracia, no

debate feminista do 8 de marzo de 2018 en Compostela. Percorreremos a historia da organización *Mulheres Nacionalistas Galegas* dende a súa propia vivencia como militante. Luísa participou do antifranquismo clandestino, militou na AGM, e tomou parte da fundación da organización MNG. Apunta que no ano 1984, no seo do BNG, un grupo de mulleres comezan a debater sobre a creación dunha nova organización que se movese en base á loita antipatriarcal e a liberación nacional, é dicir, a independencia da Galicia e o feminismo, “analizando que na Galiza non existía unha organización de mulleres feminista e nacionalista e pensando que a liberdade da muller no noso país só podía conseguir-se de unha organización que tivesse en conta estes dous supostos ideolóxicos.” (Ocampo, L. 2006). Consolidouse no ano 1986 coa primeira asemblea en Compostela. Integrábase arredor de 300 mulleres. Avogaban pola independencia de calquera partido político, co obxectivo de que estes intereses non se puxeran por diante da loita feminista. Mais moitas delas tiñan postos do BNG, o que nun primeiro momento complicou esta aspiración. Por outra banda moitas non tiñan formación de militancia nin feminista, só as principais coordinadoras, polo que participaren deste proxecto axudou a moitas delas no seu camiño de formación ideolóxica, destaca o seu lema “Livres para medrar, medrarmos para sermos livres”. Pasaron anos nos que non eran recoñecidas como organización feminista, de feito ata o 1989 convocaban en solitario manifestación polo 8 de marzo. Lograron consolidarse con moito traballo e poucos medios, e fixeron debates de formación sobre o aborto, prostitución, contra xoguetes sexistas etc. Algo moi moderno naquel momento. Xa para rematar é preciso destacar a súa vontade de recuperación da memoria dende unha perspectiva de xénero, “Um dos obxectivos de MNG é o de recuperar a nosa propia historia e com esta ideia temos editado varias publicacións com a finalidade de romper com a desmemória e recuperar a voz das mulheres que o Poder quer

premeditadamente manter silenciada.” (Ocampo, L. 2006); así como a difusión do feminismo a través das redes sociais dende o ano 2000.³⁰

Convén tamén facer referencia á Marcha Mundial das Mulleres (MMM) que é un movemento que opera a nivel mundial e cuxo obxectivo é reunir mulleres e organizacións feministas que realicen accións para acabar coa violencia de xénero, a pobreza, desigualdade e discriminación que sofren as mulleres arredor do mundo.³¹ Movemento no que o MNG xogou un papel importante, segundo Luísa Ocampo:

“Para MNG o traballo unitario sempre foi un obxectivo muito importante, como assim o temos demostrado no esforço realizado na formaçom da plataforma de organizaçoes de mulheres, da Marcha Mundial das Mulheres na Galiza no ano 2000, na qual MNG temos trabalhado muito intensamente para alcançarmos a sua criação, a sua extensom tanto a nível galego como a nível internacional, tentando que nela participassem o maior número possível de organizaçoes de mulheres do nosso país, trabalhámos também para que a sua prática fosse feminista e adequada à realidade das mulheres galegas, assim como que a Galiza estivesse representanda como país a nível internacional.” (Ocampo, L. 2006)

Deste xeito conseguiron que na mesma plataforma converxeran organizacións feministas moi variadas, mais todas unidas en prol dunha mesma causa baixo a MMM. Hoxe en día seguen a traballar polo feminismo respectando as súas ideas iniciais, polo que a procura da independencia nacional de Galicia dende o feminismo segue a ser un dos seus obxectivos. E con isto pechamos esta segunda parte do traballo, tras percorrer a aportación das mulleres galegas ao movemento político, feminista e estudantil dende os últimos anos de vida da Ditadura.

³⁰Compostela territorio das Mulleres. (18, abril, 2018). Historia do movemento feminista galego. Debates feministas na Casa das Mulleres Xohana Torres. Recuperado de <http://tm.santiagodecompostela.gal/es/actividades/historia-do-movemento-feminista-galego-debate-feminista-na-casa-das-mulleres-xohana>

³¹ Que es la Marcha Mundial de las Mujeres. *Marcha Mundial de las Mujeres en México*. Recuperado de <https://mmmchiapas.wordpress.com/que-es-la-marcha-mundial-de-las-mujeres/>

V. CONCLUSIÓNS

A guerrilla antifranquista foi o fenómeno de oposición ó franquismo máis significativo do denominado "primeiro franquismo". Estaba formada pola guerrilla do monte e, tamén, pola guerrilla do chan. Dentro desta última as mulleres ocuparán un lugar moi importante, sendo vital o seu traballo para a supervivencia das partidas armadas. Moitas delas participan da guerrilla continuando coa condición de coidadoras socialmente imposta por ser mulleres, mais outras, como Enriqueta Otero, intégrana partindo de fortes conviccións políticas e sendo plenamente conscientes das súas accións, violentas ou non. Moitas mulleres atoparán na loita armada antifranquista unha vía para conformar a súa ideoloxía, para outras funcionou como un centro de formación básica. Houbo guerrilleiros que afirmaron a importancia e o papel das compañeiras guerrilleiras no monte, mais noutros casos a forte estrutura heteropatriarcal da sociedade extrapolouse ao monte, polo que moitas tiveron que convivir cos estigmas da sociedade, do Réxime e dos camaradas. O Réxime establecera un modelo de muller ideal, que tiña que cumprir co que lle fora asignado por ter nacido con sexo feminino, todo o que se saíse da norma sería perseguido e castigado. É por isto que as mulleres que participan como enlaces, militantes e sobre todo guerrilleiras considerábanse “desnaturalizadas” ao transgredir os límites impostos. Polo que non é sorprendente toda a propaganda que contra as mulleres se fixo; estas eran consideradas prostitutas que subían aos montes para satisfacer as necesidades dos guerrilleiros, porque o poder imposto precisaba desmerecer a loita e resistencia antifranquista. Mais non só a guerrilla antifranquista xogarí a papel dentro da resistencia ao Réxime. Nos últimos anos de vida deste, as influencias do exterior e distintas accións e movementos sociais comezaron a abrir unha fenda no sistema. En Galicia concluímos que foi o movemento universitario un dos axentes máis importantes dentro da mobilización destes anos. Nel, en concreto na organización estudantil ERGA, xestáronse as características que ían definir máis tarde o Nacionalismo Galego do momento, como a UPG. Decatámonos de que mesmo a loita

armada estará presente, sobre todo mediante o EGPGC, para acadar a liberación nacional de Galicia.

En todos estes movementos, pasados e presentes, pode darse conta da presenza de mulleres. Mulleres que moitas veces non exerceron postos de liderado, nin deixaron pegada profunda nas fontes históricas, mulleres que non foron recoñecidas como militantes en igualdade cos homes, porque a Democracia non trouxo de por si a igualdade entre os dos sexos. Pero mulleres que, con diferentes grados de compromiso político e implicación ideolóxica, estiveron presentes e non foron meras espectadoras de movementos sociais fundamentais para entender a Historia Contemporánea de Galicia, dende a guerrilla armada ata o movemento estudantil ou feminista. Finalizamos o traballo facendo mención á vontade das guerrilleiras antifranquistas, e das militantes de organizacións feministas máis recentes pola recuperación da memoria histórica, concluíndo que só mediante esta poderá ficar viva a lembranza de todas estas mulleres e das súas loitas. Porque só mediante o coñecemento da nosa Historia poderemos comprender o noso presente e construír o noso futuro.

Nesta terra que fai testamento,
que acolle os lamentos e anima a olvidar,
infectada de sangue usureiro,
caciques modernos, mecenas do mal.
Vivo dentro dun monte de area
tinguido de brea que non limpa o mar,
coa esperanza de tomar alento
para ver o momento de nos libertar.

Mais aínda seguimos aquí
a aturar tempestades de sal,
resistindo a violencia de mans
desas serpes e cans que nos queren calar.
Compañeiras nos soños do Edén,
unha illa no medio do mar,
que iluminan o loito máis negro,
que esquece o desterro e o medo a loitar.

SILGAR, María Xosé “Ses” (2012). “Tempestades de Sal”. *Admirando a condición*.

V.I BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez, M. (2016). *Movemento Democrático de Mulleres en Galicia. Unha andaina cara ao feminismo desde a loita antifranquista e a acción veciñal*. Cultura Galega. Recuperado de <http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=1042>
- Aróstegui, J e Marco, J. (2008), *El último Frente. La resistencia armada antifranquista en España 1939-1952*. Madrid: La Catarata
- Beramendi, X. (2003). *Democracia e país. A aportación do nacionalismo galego*. Santiago de Compostela: Fundación Galiza Sempre
- Cabana, A. (2013). *La derrota de lo épico*. Valencia: PUV
- Gómez, M. (2008). *El Movimiento Estudiantil español durante el Franquismo 1965-1975*. Revista Crítica de Ciências Sociais. P. 93-110
- Heine, H. (1982), *Guerrilla Antifranquista en Galicia*. Vigo: Xerais.
- Juana López, J & Prada Rodríguez, J. (2017). *Nuevas perspectivas en el estudio de la mujer durante el franquismo*. Madrid: Sílex
- Marco, A. (2011). *Mulleres na guerrilla antifranquista galega*. Bertamiráns: Edicións Laiovento.
- Martínez López, F. (2000). *Guerrilleiro contra Franco*. Éditions Syllespe
- Núñez Seixas, X. M. (1997). Idioma y nacionalismo en Galicia en el siglo XX: Un desencuentro histórico y diversos dilemas en el futuro. *Revista de Antropología Social*, nº 6: 176
- Prada Rodríguez, J. (2013). *Franquismo y represión de género en Galicia*. Madrid: Catarata.

- Regueira, M. (2011). Erga, a ilusión dun cambio político e social. En *Un lume que prendeu e ardeu... Dazaioto artigos da militancia de ERGA para lembrar o 25 Aniversario da súa constitución (1972-1997)*, Santiago de Compostela: Comités Abertos da Facultade (CAF)
- Rios, N. (2002). *A esquerda independentista galega 1977-1995*. Santiago de Compostela: Abrente Editora
- Rodríguez, A. (2005). *Letras Armadas. As vidas de Enriqueta Otero Blanco*. Santiago de Compostela: Concello de Lugo
- Simón, X. Portela, C. Pino, D. et al. (2000). *Para unha Galiza independente*. Compostela: Abrente Editora.
- Villares, R. (2016). *Historia de Galicia*. Vigo: Editorial Galaxia
- VV.AA (1997). *Un lume que prendeu e ardeu.. Dazaioto artigos da militancia de ERGA para lembrar o 25 Aniversario da súa constitución (1972-1997)*, Santiago de Compostela: Comités Abertos da Facultade (CAF)
- VV.AA (2018). Moncho Reboiras: semente de vencer. *La Comuna*. Recuperado de <http://www.revistalacomuna.com/memoria/moncho-reboiras-semente-de-vencer/>.
- Yusta, M. & Peiró, I. (2015). *Heterodoxas, guerrilleras y ciudadanas*. Zaragoza: Institución “Fernando el Católico”
- Yusta, M. (2004). *Rebeldía individual, compromiso familiar, acción colectiva: las mujeres en la resistencia al franquismo durante los años cuarenta*. Historia del presente. Nº 4. P. 63-92
- Yusta, M. (2005) *Las mujeres en la resistencia antifranquista, un estado de la cuestión*. Arenal: Revista de historia de mujeres. Vol. 12, Nº1. P. 5-34

V.II ANEXOS

Anexo I : Ocupación das mulleres da resistencia antifranquistas

CUADRO 3
MUJERES Y RESISTENCIA ANTIFRANQUISTA (1940-1955). EXTRACCIÓN PROFESIONAL

	A CORUÑA		LUGO		OURENSE		PONTEVEDRA		LEÓN		TOTAL	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Labradoras y jornaleras	61	24,40	3	2,40	37	32,46	5	23,81	0	0,00	106	20,31
Empleadas del sector secundario	15	6,00	2	1,60	0	0,00	0	0,00	0	0,00	17	3,26
Empleadas del sector terciario	5	2,00	0	0,00	2	1,75	0	0,00	0	0,00	7	1,34
Profesionales	1	0,40	1	0,80	0	0,00	0	0,00	0	0,00	2	0,38
Maestras	5	2,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	5	0,96
Estudiantes	1	0,40	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,19
Amas de casa	139	55,60	82	65,60	71	62,28	12	57,14	12	100,00	316	60,54
Empleadas por cuenta propia	8	3,20	5	4,00	0	0,00	1	4,76	0	0,00	14	2,68
Desconocida o sin oficio	15	6,00	32	25,60	4	3,51	3	14,29	0	0,00	54	10,34
Total	250	100,00	125	100,00	114	100,00	21	100,00	12	100,00	522	100,00

FUENTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE AIMN.

Fonte: Prada Rodríguez, J. (2013). *Franquismo y represión de género en Galicia*. Madrid: Catarata, p. 244

Anexo II : Represión de xénero: mulleres rapadas.

Juana Otero, mestra de Vilagarcia rapada e golpeada



Fonte: A memoria das mulleres. Recuperado de <https://www.lavozdelarepublica.es/2018/08/ellas-tambien-son-martires-las-rapadas.html>

Anexo III: Milicia da Cultura



5.



Fonte: Rodríguez, A. (2005). *Letras Armadas. As vidas de Enriqueta Otero Blanco*. Fundación 10 de Marzo. P. 222

Anexo IV: Enriqueta Otero, guerrilleira



Fonte: Fotografía de Enriqueta Otero. Fotógrafo Anónimo (1955). Recuperado de <https://www.academiacolectores.com/fotografias/inventario.php?id=F-0254>

Anexo V: sentencia contra Enriqueta


Juzgado Militar Especial **8.ª Región**

Causa número 75 de 1.946 *21*

NOMBRE DEL REO Enriqueta Otero Blanco (a) M^{de} de los Doctores
HIJO DE Camilo Y DE Candina
EDAD: Treinta y seis años
ESTADO: Casada
NATURALEZA: Castroverde (Lugo)
PROFESION: Maestra Nacional
VECINO DE Lugo
DELITO: Rebelión militar
SE HALLA EN LA PRISION DE La Coruña a disposición
de la Dirección General de Prisiones para su destino a la que corresponda.
Es firmada la sentencia desde el día 30 de Julio de 1946
CONDENADO A Treinta años de reclusion y cuatro prision
ES primera CONDENACION según resulta de sus antecedentes penales. ^{menor}
Prision preventiva abonada cinco meses y once días
Se cuenta el tiempo de extinción desde el día 31 de Julio de 1946
La Coruña 31 de Julio de 1946
El Secretario,
[Firma]
El Coronel Juez,
[Firma]
[Firma]
30 Julio 46

Fonte: Rodríguez, A. (2005). *Letras Armadas. As vidas de Enriqueta Otero Blanco*. Fundación 10 de Marzo. P. 187

Anexo VI: Aprendizaxe no uso de armas de guerrilleiras e guerrilleiros.



Fonte: Rodríguez, A. (2005). *Letras Armadas. As vidas de Enriqueta Otero Blanco*. Fundación 10 de Marzo. P. 187

Anexo VII: Chelo, guerrilleira



32

Chelo na súa xuventude




33

Chelo de anciá

³² Marco, A. (2011). *Mulleres na guerrilla antifranquista galega*. Bertamiráns: Edicións Leiovento.

³³ Recuperada de <http://mulleresourensas.blogspot.com/2009/04/consuelo-rodriguez-lopez-chelo.html>

Anexo VIII: “Os chozos”



Fonte: Marco, A. (2011). *Mulleres na guerrilla antifranquista galega*. Bertamiráns: Edicións Leiovento. P. 96



Traballo de campo na Cidade da Selva de Casaio. Foto: Sputnik Labrego.

Os segredos que aínda garda a “Cidade da Selva” de Casaio

O proxecto Sputnik Labrego comeza unha nova campaña en Valdeorras para documentar o desmantelamento do campamento antifranquista

Fonte: Redacción (10/06/2019). Os segredos que aínda garda a “Cidade da Selva” de Casaio. GCiencia. Recuperado de <https://www.gciencia.com/historias-gc/segredos-cidade-da-selva-de-casaio/>
Para saber máis sobre o proxecto Sputnik Lagrego consultar a súa web: <https://sputniklabrego.com/foco-3-a-guerrilla-antifranquista/>

Anexo IX: Análise documental “As Silenciadas”

O documental “As Silenciadas”, gravado no ano 2011, está dirixido por Pablo Ces e recolle os relatos da guerrilleira *Chelo* e doutros guerrilleiros e enlaces, así como o das familias daquelas que no momento da elaboración da cinta xa non seguían con vida. Alén dos testemuños recóllense fotografías das protagonistas e imaxes das localizacións nas que estiveron. Tamén están presentes as intervencións de historiadores, incluída Aurora Marco, autora especialista no estudo das mulleres na guerrilla e cuxa investigación foi empregada para a elaboración do documental.

Comeza a cinta cunha introdución na que Chelo canta unha canción en prol da busca do ideal da liberdade e fálase do lugar onde se vai localizar a historia. Este audiovisual céntrase na provincia de Ourense, en concreto na Serra do Eixe e os montes de Casaio, último refuxio da guerrilla antifranquista. Alí existía unha mina de volframio, mineral de suma importancia para o réxime durante a Segunda Guerra Mundial, pola súa utilización para a fabricación de armas. Esta mina tamén proviña aos guerrilleiros de munición, polo que a zona destacou pola súa actividade guerrilleira e a participación da poboación rural para sustentala.

Estrutúrase a narración do documental en seis partes, nas que se conta a historia de diferentes mulleres que participaron da loita antifascista ou ben foron vítimas do fascismo por teren vínculos familiares ou amorosos con guerrilleiros. En primeiro lugar trátase a historia das mulleres Valle. Celia Valle era a compañeira do guerrilleiro coñecido co alcume de o *Bailarín*. Ela e as irmáns foron guerrilleiras do chan, participando como enlaces. Por este motivo foron torturadas e pasaron polo cárcere; Celia estaría dez anos privada de liberdade e a súa irmá Clotilde nove, a terceira, María, sería constantemente vixiada. Outras dúas primas, África e Luz Divina, darán tamén acubillo a guerrilleiros e

a primeira tamén pasará longas tempadas no cárcere. As forzas represivas afogaron á nai das irmáns Valle por non confesar onde se atopaba o *Bailarín* e fóronlles incautados todos os bens, incluso o gando que era o seu principal sustento.

A segunda das protagonistas é Consuelo Rodríguez, *Chelo*, guerrilleira da que se falou en profundidade neste traballo. Non volveremos sobre a súa historia con tanto detalle mais cómpre destacar que esta tamén reitera que á súa familia lle foron incautados todos os bens e os animais, e tamén relata a vixilancia, control, tortura e persecución á que tanto ela como a súa familia foron sometidas. No momento no que fusilaron a seus pais obrigaron a todos os veciños a saíren á rúa para que viran cales eran as consecuencias de non seguir as premisas do Réxime Franquista. Alén disto, outro detalle que podemos destacar da súa historia é o cariz solidario, tanto da súa familia que escondeu a guerrilleiros na súa casa, coñecida como “A Fortaleza”, como do seu compañeiro que antes de morrer pediu a seu irmán que nunca abandonase a Chelo. Con isto podemos ver que a guerrilla, tanto a do chan como a do monte sobreviviu e actuou mediante lazos de camaradería e axuda. En palabras da guerrilleira, que conseguiu fuxir a Francia, “os meus ideais e a miña loita serán ata a eternidade”.

As seguintes protagonistas son Carmen Jérez e Clarisa Rodríguez. Carmen era moza de Abelardo Macías, un guerrilleiro, polo que ela comezou a actuar como enlace. As forzas fascistas represivas, Garda Civil e Falanxe, descubrírona e encerrárona nun muíño onde a violaron (quedou embarazada) e torturárona ata que meses despois a fusilaron. Tomaron unha foto do cadáver de Carmen para expoñer a imaxe nun lugar público acusando á guerrilla dos feitos para desmerecer a súa loita. A outra muller cuxa historia se relata é Clotilde, que axudaba a esconder aos guerrilleiros no muíño no que ela traballaba. Trátase dunha muller cuns ideais claros e cunha traxectoria familiar vencellada á esquerda. Estivo dúas veces no cárcere o que denota que as guerrilleiras do chan, claves para a

supervivencia da guerrilla do monte, corrían tanto perigo como os do monte, posto que estaban sometidas a moita vixilancia e non posuían armas.

Carmen Rodríguez Nogueira foi unha guerrilleira do chan que deu acubillo a guerrilleiros do monte, a consecuencia disto os fascistas queimaron a súa casa e fusilaron a seu pai e a súa irmá, incluso chegaron a disparar e dar morte ás vacas. Aquí vemos outro caso de represión no que non só crean un terror nas vítimas, matan e torturan, senón que se aseguran de que se algún familiar sobrevivise non tivera con que manterse, por isto destrúen as casas, incautan os bens e acaban co gando. Outro exemplo máis do límite ata o que chegaban contra os que eles consideraban inimigos da “patria”. Ademais os fuxidos que estaban agochados na casa deciden suicidarse antes de caer en mans das forzas represoras e someterse ás súas torturas, sabendo que tras toda esa dor e terror acabarían por seren fusilados. Carmen Rodríguez non foi fusilada mais sometérona a torturas, rapárona e sufriu todo tipo de vexacións. Finamente foi indultada grazas á mediación dun amigo da familia mais a Garda Civil, antes de deixala en “liberdade”, tortúraa novamente (quéimalle a cabeza, os xenitais e arríncanlle as unllas). A guerrilleira mudárase á Coruña durante a Ditadura, onde estará sometida a vixilancia e control continuos; ficará traumatizada de por vida segundo relatan as súas netas, agudizándose o seu estado cando o ditador visitaba o Pazo de Meirás.

A seguinte historia relatada no documental é a da guerrilleira Carmen Fernández Seguí. Antes da guerra militaba no PC xunto ao seu marido polo que en 1936 teñen que fuxir a Portugal deixando aos fillos en Galicia. Ela volta en 1945 grazas as influencias dos seus irmáns, que eran falanxistas, despois sube ó monte xunto a máis guerrilleiros. Naqueles anos o PC xa enviara a Galicia cadros destacados e estaba formado o Exército Guerrilleiro de Galicia que funcionaba como un verdadeiro exército organizado en agrupacións, sendo a máis destacada a 4ª en A Coruña. Ela integrará a 2ª, localizada en Ourense. Foi

descuberta no monte cando portaba armas e pasa trece anos no cárcere. O seu fillo Camilo, o que no documental conta a historia, afirma que a guerrilla existiu grazas ás mulleres, destacando a súa valentía.

A última historia versa sobre a familia dos “Buzos” na que as mulleres participan como enlaces e agochan guerrilleiros. Ademais custodian unha multicopista na que se edita a revista *Mundo Obrero* e levan tamén armas a Francia. Trátase, en concreto, de Dina, Fina e Marita, que acabarán por integrar as filas da guerrilla do monte entre 1947 e 1949. Dina pasará dous anos presa e Marita doce, logo conseguiu fuxir a Francia.

Todas son mulleres que participaron da guerrilla antifranquista en Galicia, pero o seu peso non está debidamente rexistrado na memoria histórica, mesmo tampouco en moita da bibliografía sobre o fenómeno guerrilleiro, que relega o seu papel³⁴.

³⁴ Ces, P. (2011). *As Silenciadas*. España: MrMisto films.


Anexo X: Puntos fundacionais da UPG

U P G

UNION DO POVO GALEGO
(U. P. G.)

UN FRENTE QUE SE PROPON A TODCLOS
GALEGOS QUE ACEITEN OS SEGUINTES
10 PRINCIPIOS MINIMOS


1. Galicia é unha nación, e como tal ten dereito á
sua autodetermiñación.
2. O povo galego, exercerá o poder en Galicia.
3. Os meios de produción, distribución e creto per-
teñecen ó povo.
4. A coeitivización do agro comenará cunha etapa
cooperativa, como fase previa a formas máis desen-
roladas de socialización.
5. A pequena empresa e a industria artesá serán con-
centradas en unidás produtivas superiores.
6. A grande empresa capitalista será socializada dun
xeito inmediato.
7. A organización adeministrativa do campo galego
terá por núcleos as agrupaciós tipo Parroquia, que
se integrarán na Bisbarra. O territorio wbán verá
adeministrado por Concellos, compostos de Dis-
tritos.
8. A educación estará ó servizo do povo.
9. O idioma oficial de Galiza será o galego, de cu-
sino obligatorio.
10. A liberación nacional galega non desbota o ven-
cellamento federativo de Galicia ós demais povos
da Peninsoa.



NO NOME DE CASTELAO
"PEDIMOS QUE A NOSA TERRA SEXA NOSA"


Fonte: UPG (1965). Imaxe recuperada de <https://twitter.com/galizaupg/status/483310879434637312>

*Anexo XI: Conmemoración do asasinato de Moncho Reboiras
pola UPG*



Fonte: Beramendi, X. (2003). *Democracia e país. A aportación do nacionalismo galego*. Santiago de Compostela: Fundación Galiza Sempre. P. 72

Anexo XII: Esquema sobre a evolución das organizacións políticas da esquerda independentista en Galicia.



Fonte: Beramendi, X. (2003). *Democracia e país. A aportación do nacionalismo galego*. Santiago de Compostela: Fundación Galiza Sempre. P. 141

Anexo XIII: Nova Poesía Galega ou Primeira declaración do Exército Guerrilheiro do Povo Galego Ceive

Nova poesía galega eg ou 1ª Declaración do EGPGC.

Galiza, Julho de 1988

INTRODUÇÃO

Esta PRIMEIRA DECLARAÇÃO pretende ser unha mínima sintetización justificativa da etapa actual. Tem muitas lagoas e carências, que aínda que as condicións da clandestinidade nom as justificam, tampouco ajudam muito (recopilación, documentación, medios, coordinación, etc).

Nom se pretendeu fazer uma declaração ampla e perpétua; a dinámica da evolución, os segredos cara o inimigo e as propias limitacións o impidem. Também há a experiencia no pasado e no presente de "rigorosos e completos tratados" que ficaram em egos ilhados da realidade, rematados no lixo, no fogom ou como peças bibliográficas.

Considerou-se que urgia a sua saída, já que se levavam uns anos de prática sem documento nenhum. Nom som os detalhes e singelismos palpáveis (panorama político mundial, estatal, estratégia global, etc) o que interessa transmitir, senom o fundo, os eixos básicos e as linhas sobre as que gira.

O EG quer animar as discussões e debates ao redor dela, medir erros e acertos, recolher opiniões, valoracións e aportacións que o ajudem na sua conexão fiável com o seu destinatário: o povo galego, só ele pode ser o protagonista e executor.

O cinco de Fevereiro de 1987 saía à luz pública o EXÉRCITO GUERRILHEIRO DO POVO GALEGO CEIVE. O mesmo día foram julgados na Audiência de A Corunha três irmáns, acusados e posteriormente condenados por diversas accións levadas a cabo a começos de 1986.

Desde entom o EG intenta estar presente na dialéctica do combate do povo. A sua capacidade logística chegou onde os meios o permitiram e nesse vieiro está a seguir.

NECESSIDADE DA VIOLÊNCIA REVOLUCIONÁRIA

Galiza é uma nação. Tem um idioma próprio, um território, um colectivo humano que se comporta dum jeito determinado dando lugar a uma criatividade cultural e a uma psicologia diferenciada, uma economia singular e uma Vontade de Ser demonstrada ao longo da história.

A nação galega está submetida ao domínio do Estado Espanhol. A ocupação militar, o control político, a dependência, o colonialismo económico e o assovalamento cultural impidem o livre exercicio e dereito inalienável de autodeterminação do povo.

Por que foi, é e será precisa a violência revolucionária?

- a- Galiza é um povo que desde o século XVIII (1787) passa de representar o 13.5 % do total da povoação do Estado Espanhol a representar o 7.6% em 1970.
- b- Um povo que desde o ano 1800 produziu mais de dous milhons e meio de emigrantes.
- c- Um povo que é analfabeto na sua própria língua por imposição do idioma espanhol.
- d- Um povo espoliado das suas riquezas naturais (matérias primas, forestal, pesca ...) vítima duma estrutura económica imperialista.
- e- Um povo onde a transformação e valor engadido das suas riquezas é feito fóra principalmente.
- f- Um povo desmantelado das suas indústrias tradicionais: estaleiros, conserveiras, textís ...
- g- Um povo que nom gera postos de trabalho para a sua mocidade.
- h- Um povo sem uma economia autocentrada e desenvolvida que é golpeado constantemente polas altas e baixas nos mercados de produção, distribuição e consumo que controla o Imperialismo.
- i- Um povo sem centros próprios de decisom, sem poder político.
- j- Um povo alienado: com a sua história manipulada, ocultada e negada; com auto-ódio, complexo de inferioridade, resignação, falalismo, diglossia ...
- l- Um povo que resiste e sobrevive; com Vontade de Ser depois de quinhentos anos de doma, surdo às campanhas propagandísticas dos poderes fácticos, rejeitador quantitativo de tantas farsas eleitorais espanholas.
- m- Um povo rebelde diante da Constituição Espanhola:
"La Constitución se funda sobre la indisoluble unidad de la Nación, patria común e indivisible de todos los españoles".
Art. 2.
"El castellano es la lengua oficial del Estado. Todos los ciudadanos tienen el deber de conocerlo y el derecho de emplearlo". Art. 3.

Fonte: Simón, X. Portela, C. Pino, D. et al. (2000). *Para unha Galiza independente*. Compostela:

Abrente Editora. P. 361

Anexo XIV: atentado na discoteca Clangor en Compostela, tratamento da prensa³⁵

La Voz de Galicia

SANTIAGO

Clangor: 25 años de la pesadilla

Personas que estuvieron en la discoteca cuando explotó una bomba del Ejército Guerrillero recuerdan hoy lo sucedido y cómo les sigue afectando




OLEADA TERRORISTA EN GALICIA

Tres muertos y 49 heridos en una ofensiva del terrorismo gallego dirigida contra los 'narcos'



XOSÉ HERMIDA | XOSE MARIA PALMEIRO
Santiago de Compostela / Vigo · 12 OCT 1990

El Ejército Guerrillero do Pobo Galego Ceibe (EGPGC), un grupo terrorista que habían dado por desarticulado las autoridades -pero no por el Gobierno, según matizó ayer su portavoz, Rosa Conde -lanzó en la madrugada de ayer una ofensiva contra intereses comerciales de presuntos narcotraficantes que terminó de forma sangrienta con tres personas muertas y 49 heridas, una de ellas clínicamente muerta y otras cuatro graves. Las víctimas se produjeron en una discoteca de ambiente estudiantil de Santiago de Compostela, que, según las investigaciones, se sospecha que era un objetivo de la banda.



³⁵ Cambeiro, X. (10, outubro, 2015). Clangor: 25 años de pesadilla. La Voz de Galicia. Recuperado de https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/santiago/2015/10/10/clangor-25-anos-pesadilla/0003_201510G10P10991.htm

Cambeiro, X. (10, outubro, 2015). Clangor: 25 años de pesadilla. La Voz de Galicia. Recuperado de https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/santiago/2015/10/10/clangor-25-anos-pesadilla/0003_201510G10P10991.htm

Atentado en Galicia



XOSÉ MANUEL PEREIRO

14 SEP 1991

La zona norte de la provincia de La Coruña estuvo ayer sin suministro de energía eléctrica a causa de dos atentados contra torretas de Unión Fenosa. Unas 300.000 personas estuvieron afectadas por el apagón.-

* Este artículo apareció en la edición impresa del Sábado, 14 de septiembre de 1991

ARCHIVADO EN:

Egpgc · Atentados terroristas · Grupos terroristas · España · Terrorismo

³⁶ Hermida, X. Palmeiro, X. (12, outubro, 1990). Tres mortos y 49 heridos en una ofensiva del terrorismo gallego dirigida contra “los narcos”. *El País*. Recuperado de https://elpais.com/diario/1990/10/12/espana/655686002_850215.html Pereiro, X. (14, setembro, 1991). *Atentado en Galicia*. *El País*. Recuperado de https://elpais.com/diario/1991/09/14/espana/684799215_850215.html

Anexo XVI: Mulleres na loita armada en Democracia, EGPGC

En primeiro lugar falaremos de Luísa e África que entran en contacto coa organización a través do caso de Miguel Campuzano, un dos dirixentes do EGPGC xunto con Antom Arias Curto, que fora detido e comezara unha folga de fame. Elas contactan cun comité de solidariedade con Euskadi e, xa formadas as XUGA en Galicia, deciden crear un núcleo destas en Madrid, posto que os guerrilleiros eran levados á Audiencia e incluso algúns, como Antom, pasaron tempadas no Hospital de Carabanchel. Elas, dende Madrid, manifestáronse cada domingo durante dez anos en Tirso de Molina para pedir a amnistía polos presos e condenaban as torturas ás guerrilleiras e guerrilleiros. África cedía a súa casa para as familias que ían visitar os presos retidos en cárceres de Madrid. Todas as presas coinciden na importante labor que as XUGA desenvolveron en Madrid.

Oliva lembra que vivía preto da CIGA mais non estudou en Compostela, polo que o seu punto de contacto co independentismo foi o sindicato. Nos anos 80 tiveron lugar numerosas detencións e ela comeza a participar das visitas que lles facían aos detidos e é alí onde coñece a Sefa Porca. Natichi de Trasancos en Ferrol fala de que se viu “arrastrada” ao movemento independentista; militaba nunha organización feminista cando comezan as detencións masivas a membros de diversas organizacións. Ela non partilla a idea de que só polo feito de teren unha ideoloxía distinta á socialmente aceptada deban ser reprimidos e presos, entón participa das XUGA para aportar o seu gran de area. Polo que fronte a esta situación en vez de as militantes fuxir para evitar represalias, únense para defender os seus ideais.

Fina tomou conciencia lendo a Rosa Luxemburgo e á rusa Kollontai, deste xeito busca un referente e atópao na APU e nas XUGA, onde coñeceu mulleres coas que compartía principios e ideais.

Luisa Ocampo da que xa falamos, que militaba no BNG, entende que facía falta un movemento novo que dera respostas ás peticións do momento e di que o BNG non atendía á liberación nacional e ao movemento feminista naqueles anos. Luisa tamén foi unha das fundadoras da Assembleia do Povo Unido (APU). Apunta que na Asemblea Constituínte do EGPGC contemplaba nos seus principios a loita pola liberación das mulleres como un dos principios fundamentais³⁷, sendo as mulleres dende as organizacións feministas (nacionalistas) as encargadas de pautar o camiño para acadar dito obxectivo. Traballaban dun xeito assembleario, aínda habendo unha dirección, para acadar o obxectivo dunha Galicia independente.

Sefa Porca entra en contacto co nacionalismo a través da CIGA e logo entra no PCLN e no EGPGC, fala da xente nova que o formaba e da ilusión que tiñan. Apunta que pasou do mundo estudantil á loita dentro da organización armada. Comenta que puido percibir machismo entre algúns dos compañeiros e compañeiras, mais fala das mulleres e guerrilleiras con criterio propio decididas no que crían e facían.

Xandra lembra a ilusión de mudar as cousas dende dentro da organización armada, ve que era algo necesario para mudar as circunstancias do momento coa particularidade de que ela é portuguesa e veu estudar a Galicia, comenta que antes de vir non sabía que se falaba galego en Galicia e a súa perspectiva mudou ao vivir aquí. Xandra foi presa e relata o difícil que é a inclusión na sociedade ao saír da cadea, mais recibiu a axuda das XUGA neste proceso. Noa Rios na súa obra tamén recolle a existencia doutra guerrilleira portuguesa chamada Suzana Lôpes Poças “que padeceu inumeráveis crises epilépticas sem a atençom médica correspondente” (Rios, N. 2002: 105)³⁸. E ate aquí os seus relatos.

³⁷ Ver Anexo XVII

³⁸ Os testemuños das mulleres que participaron desta loita armada en AmilCouto. (19, marzo, 2011) Guerrilleiras (Documentário), Parte I e Parte II. Recuperado de <https://www.youtube.com/watch?v=kUstGqcsQZ8&t=1s>

Anexo XVII: principios feministas do EGPGC

Na medida em que uma sociedade livre nom pode ser tal em tanto mantenha relaçons de opressom entre os seus membros, LUTA E LUTARÁ POLA ABOLIÇOM DA SOCIEDADE PATRIARCAL e pola igualdade real de direitos entre mulheres e homens. Por uma autêntica sociedade criativa genuína do povo, que rache com a “doma e castraçom seculares”. Uma sociedade onde os descubrimentos, avances científicos e sociais sejam aproveitados e disfrutados sem diferenças nem privilégios por todas as mulheres e por todos os homens.

nos sindicatos) como resposta aos conflitos que valam surgindo, assessorar na técnica armada e revolucionária.
A TÁCTICA ACTUAL É FUNDAMENTALMENTE A GUERRA PSICOLÓGICA E DE DESGASTE.
Ir sempre, sempre, a operaçons e aççons a ganhar. Nom ir jamais a aççons onde se empregue toda a sua capacidade técnica e guerrilheira em uma só operaçom. Respeitar SEMPRE a saúde e os bens do povo.
Diante dos missis assassinos: dinamita libertadora. Diante do lasser mortal: fouce justiceira. Diante do uniforme verde ou marron: roupa comum. Diante do automóvel: pés em ruas e corredoiras. Diante de estradas controladas: caminhos invisíveis. Diante de potentes emisoras: ondas telepáticas do povo. Diante de fronteiras controladas: noites libertadoras pola raiá seca ou húmida. Diante do consumismo imposto e escravizante: ar livre, arte, música, poesia. Diante do alcoolismo: trabalho revolucionário. Diante da repressom sexual: amor em liberdade. Diante da opressom da mulher:

tunda à sociedade patriarcal. Diante da droga: Socialismo. Diante da vida vegetativa, rutinária e negativa: iniciativa, pensamento popular, imaginaçom e aççons certeiras.
Jamais haverá guerrilheiras e guerrilheiros deixando-se arrastar por uma norma social imposta polo Imperialismo.
O fortalecimento do EG no seio do povo só se poderá construir dando passos, praticando a guerrilha na técnica contemporânea: quando nom haja dinamita, butano doméstico; quando nom haja metralhetas, caçadeiras ... O povo deve usar as armas que tenha, onde as tenha e sejam oportunas, até que a capacidade logística permita expropriá-las a quem as emprega contra ele ou permita comprá-las ou fabricá-las.
A táctica actual virá dada pola força para avançar e resistir na dinâmica da tradicional espiral “aççom/repressom/acçom”.
Que nenhum contra-ataque do inimigo seja anulador da força organizativa, operativa e de extensom do EG.
O EG está demonstrando que o inimigo nom é invencível. Ensinar os caminhos e sendeiros nascidos do ódio, a inteligência e a coragem para respostar ao monopolizador da violência terrorista do EIE é a sua missom.

Fonte: Simón, X. Portela, C. Pino, D. et al. (2000). *Para umha Galiza independente*. Compostela: Abrente Editora. Pp. 364, 370, 371

Anexo XVIII: Música galega e historia

Neste último anexo elaboramos unha lista de cancións en galego que, de xeito explícito ou metafóricamente, fan referencia a algún dos períodos históricos tratados ao longo do traballo. Outras falan da muller e tamén hai algunhas que recuperan poemas e escritos do pasado aplicándoos ao presente. Deste xeito entendemos o valor da música para manter viva a memoria e, ao mesmo tempo, funciona como axente de difusión da cultura galega. Incluímos un fragmento de letra daquelas que consideramos máis significativas. Son as que seguen:

1. A Quenlla “Guerrilleiro”

Pra loitar pola patria camarada
que silencio sen ti,
sen ti nas corredeiras.

Unha terra de nós
era o teu norte,
un pobo traballador,
traballador, ledo e varil.

Unha conciencia
viva, alerta e forte
e abatiute unha bala
unha bala cega e vil.

E nós, que choramos a túa morte,
empuñaremos tamén,
tamén o teu fusil.

A Quenlla (2014). “Guerrilleiro”. *30 anos con A Quenlla. De amor, dor e loita.*

2. A Quenlla “Penélope”

3. Arredemo “ Longa noite de pedra”

4. Cristina Fernández “En pé”

5. Dakidarría “Linguas ceibes”

6. Dakidarría “Mil berros”

7. Dakidarría “Terra”

8. Dakidarría “Violeta”

Dignidade reivindicamos,
historia da desigualdade
por tradición, relixión,
por educación.

Polos séculos atoparás
mulleres escravas
vivindo en inferioridade.

Aquí está a nosa resposta,
aquí está a nosa sublevación.

Cada muller que soñou
e que se revelou
é un exemplo de valor...
Pintando violeta
os muros da súa sumisión.

Dakidarría (2011). “Violeta”. *Utopías emergentes*.

9. Desequilibrio Mental “Séculos escuros”

10. Dios Ke Te Crew “Herdeiros da ditadura”

Somos herdeiros dunha ditadura cultural
somos as vítimas dun ataque brutal contra o noso
a lingua mantivémola calándolle ó cacique
falando ao pe do lume só a lingua vaise ao pique
pois toma! Escóitanos
Nos nos calaremos nin de broma

Dios ke te crew (2006). “Herdeiros da ditadura”. *Xénese*.

11. Esquíos “Aínda a miña mente fala”

12. Falperrys “Ás mulleres do Saviñao”

13. Fred and The Perrys “O futuro é noso”

14. Fuxan os Ventos “Cara a liberdade”

Aldraxados, iñorantes,
pobo sin lei, divididos
do sangue roxo, vencido,
os caciques a zugar!

Do fondo da nosa noite,
da moura noite dos tempos,
zoan hoxe novos ventos,

os ventos da libertá!
Homes de tempos perdidos,
ti, labrego, ti, obreiro,
ti gandeiro, mariñeiro,
poñéivos a camiñar!
Somos nós, e soio nós,
os donos do noso siño,
abrindo un novo camiño
na busca da libertá!

Fuxan os ventos (1978). “Cara a liberdade”. *Sementeira*.

15. Guadi Galego “Matriarcas”
16. Juan Pardo “En pé”
17. Juventude Maldita “Nós vamos resistir”
18. Keltoi “En nós só manda o vento”
19. Keltoi “Galiza
20. Keltoi “Bos e xenerosos

Os séculos de submisión,
nunca os esquezades
mouros infernos sen final,
longa noite de pedra

Lembrede a súa imposición,
lembrade as aldraxes
sermos lacallos dos seus reis,
das súas maxestades

(...)

Nos paseios do 36, sangue nos camiños
corpos labregos caían bai - xo as balas do feixismo
Houbo quen non se axeonllou, quen non foi sumiso
e dende o monte respostou, eran os fuxidos

Nas súas mans, o orgullo dunha nazón
en forma de fusil antifeixista

Keltoi (2010). “Galiza”. *A nosa cinza*.

21. Keltoi “Raiba operaria”
22. Keltoi “Unha terra, un pobo, unha fala”
23. Keltoi- tributo a Skacha “Sempre Ceibes”
24. Liska “Welcome to Galiza”
25. Liviao de Marrao “O Piloto”
26. Luar na Lubre “Cantiga de berce”

Durme meu neno, durme,
sen máis pranto,
que o tempo de chorare,
vai pasando,
que a terra na que vives,
non quer bágoas,
precisa homes enteiros
pra libertala.

Durme meu neno, durme,
colle forzas,
que a vida que che agarda,
pide loita.
Recollera-lo froito
sementado,
no inverno escuro e frío,
no que estamos.

Luar na Lubre (2012). “Cantiga de Berce”. *Sons da lubre nas noites do luar..*

27. Luar na Lubre “Memoria da noite”
28. Mencer Vermello “Orgullo e Honor”
29. Mencer Vermello “República Galega”
30. Mencer Vermello “Semente de Vencer”
31. Mini e Mero “Silencios na Memoria”

Mataron, martirizaron
escurecendo as auroras
enchendo a terra de sangue,
de medo, loito e derrota

Os vencedores procuran,
impunes fechar as portas,
para nega-la verdade
para anular a memoria

Venceron e aínda seguen
administrando a vitoria
aqueles que aínda hoxe queren

face-la noite máis longa

Perderon, creto e razón
pois na mentira se agochan
mártires son o guieiro
e o pobo daralles gloria

A cantos, que un día soñaron
unha Galicia máis nosa
pioneiros da liberdade
serán lembrados con honra
serán lembrados con honra

Mini e Mero (2012). “Silencios na memoria”.

32. MJ Pérez “Canción de Guerra”
33. Nao “A lingua cortada”
34. Nao “A xustiza pola man”
35. Nao “Cartas no Caderno”
36. Nao “Entre a utopía e a súa lei”

37. Nao “Heroes da Resistencia”

Fomos valentes nun mundo de covardes.
Corremos moito para non chegar tarde.
Fomos as vítimas da nosa inocencia.
Fomos heroes da resistencia.

Non houbo mitos de referencia.
Sempre por armas a nosa conciencia.
Somos unha familia que se fixo na rúa.
Netos desta ditadura.

Nao (2017). “Heroes da Resistencia”. *Cancións de amor e liberdade..*

38. Nao “Je Veux”

39. Nao “Lobo”

40. Nao “Nova Poesía Galega II”

41. Nao e Banda Bassotti “Os vampiros”

42. Os Derradeiros “A caída”

43. Pauliña “Non é ficción”

44. Ruxe-Ruxe “Buratos”

Buratos na terra cheos de ósos e caveiras.
Buratos na carne, de escopetas e pistolas.
Buratos na ialma cheos de odio e miseria.
Buratos no tempo de olvidos e defuntos.

Fagamos memoria, fagamos memoria,
Fagamos camiño facendo memoria

Buratos de medo, de verdugos e vencidos.
Buratos de sangue, de bandeiras e asasininos.
Buratos na historia, son buratos na lem-
branza.
Buratos escuros, cicatrices que non curan.

Buratos profundos de inxustizas e feridas.
Son buratos ocultos de verdades e mentiras.
Buratos que viven de alentos esquecidos.
Buratos tapiados que non deixan ver futu-
ros.

Ruxe Ruxe (2010). “Buratos”. *Na fura de diante..*

45. Ruxe-Ruxe “Ramnusia”

46. Ruxe-Ruxe “Tempos escuros”

47. Saraibas “Os aproveitados da fala”

48. Skandalo GZ “Por ser muller”

Son tempos do fascismo,
tempos dun longo inverno,
a vosa luita e resistencia
soportan tantas ostias
como clases de violencia
por ser muller

Chegou a democracia
a igualdade nos papeis
camiñamos á desgracia
amparada polas leis
nun sistema patriarca
que non se ve.

Despois de tanto tempo
afogando cada día
xa chegou o seu momento
comeza a nova partida,
con forzas e lamentos
xa saí o sol

Espertarás dende un rincón
sabendo que hoxe
nada será igual
e enterrarás todos os medos
que che impuxeron
xa fai tempo atrás

Skandalo GZ (2013). “Por ser muller”. *Esperta!*.

49. Skarmento “Seguiremos sendo”

50. Skarmento “Todo segue igual”

51. Satxa “Namoradas da revolta xuvenil”

52. Ses “A paz esquiva”

E que fuxa o medo a pensar
e que amar non se encerre en ocos e lanzas.
E que os terroristas sexan como debe ser
os que consideran un gran crime diverxer

SILVAR, MX (2016). “A Paz Esquiva”. *Opoñerse á extinción*.

53. Ses “Co xenio destrozado”

54. Ses “Muller”

55. Ses “Non son fada”

56. Ses “Romance de bela rosa”

57. Ses “Semente de vencer”

58. Ses “2000 anos máis”

59. Skandalo GZ “Combater”

Como unha estrana na túa casa
así fante ver
agardando un inferno ao instante de ter
a autoridade tras a sombra
a piques de ser
quen rebente a túa porta
non vas esquecer

E por que?

E por que seguir así?

Para que, se non es culpable ti?

E por que?

E por que seguir así?

Para que? Se podemos combater

as súas leis, as súas mentiras,

as súas guerras xenocidas

o patriarcado que asasina

as liberdades que mutilan.

Imos combater

Skandalo GZ (2017). “Combater”. *10 anos de loita*.

60. Skandalo GZ “Seguimos en pé”

61. Skárnio “Irmaos”

62. Skárnio “Sombras”

63. Suso Vaamonde “Uah”

64. The Skarnivals “Historias do mar”

65. The Skarnivals “Pensando en galego”

Tratadiños coma incultos
Abrigados por indulto
A desprezar a nosa lingua maternal

Exiliados nosos mestres,
Asasinados sen razón
Por quen defende cegamente
A súa razón

Militares falanxistas
Que cantando “cara al sol”
Sometían anosa terra
Sen perdón

Mortes de inocentes
Polo uso da razón
Proclamaban
A nosa liberación

The Skarnivals (2012). “Pensando en galego”. *Torsión Mundial*.

66. Trapallada “Eterna noite de pedra”
67. Trapallada “Revóltate”
68. Tiro na Testa “Dinnos que chove”
69. Xenreira “Acción galega”
70. Xenreira “Recluso 241”
71. Xenreira “Onde a loita se chama Encrobas”
72. Zënzar “Berra ben forte”

Quen son eses que controlan
a nosa vida?

Quen son eses que reparten
a comida?

Con que razón regulan
a economía
de labregos, mariñeiros e factorías?

Quen son eses que asoballan
a túa terra?

Quen son eses que aconsellan
a comisión?

Onde están os que disparan
por control?

Sementando violencia e represión.

Zënzar (1997). “Berra ben forte”. *Disparados o futuro..*

Unha vez houbo unha flor
que só ulía certa xente
no xardín dun gran demente
con máis poder que razón

A rosa leda medrou,
medrou soa e sen axuda,
era forte coma ruda,
contra o frío e o calor

Saíu o sol e corou,
co seu vermello imponente,
tanto, que ao amo e a outras xentes
molestou o seu primor

No canto de con amor,
ollábana con vaidade,
e ante a fermosa humildade
respostaron con temor

Moitas flores do redor,
de xardíns de alleas terras,
aplaudiron moi contentas
cando o amo as recortou

A planta quedou sen flor
pero aínda resistía,
porque a raíz se nutría
da terra que a enxendrou

A terra considerou
que o seu froito era inocente,
que fora nobre e valente
e dela se preocupou

A auga axiña chegou
e o resto de compañeiras
acudíronlle lixeiras
e calmaron a súa dor

Certo día aquel señor
foi abalar a maceira
e reparou na roseira
que cortara con rancor

Mil rosas con esplendor
recendían maxestuosas
cunhas espiñas máis grosas
que as tesouras do señor

Comprendiu o amo entón,
o seu crime despiadado,
caiu ao chan apenado
e pola rosa chorou

Aquela primeira flor
só no recordo latexa
pero se a raíz é rexa
a planta non morre, non

SILVAR, MX (2016). "Romance de Bela Rosa". *Opoñerse á extinción*.